


Boletín Oficial



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN: Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 80 41 00

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 87 34 00

Depósito Legal: PO -1-1958

VIERNES 25 ENERO

AÑO 2002 Núm. 18

S U M A R I O

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

| | |
|---|-------------|
| MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES | <u>Pág.</u> |
| <i>Tesorería General de la Seguridad Social</i> | |
| Dirección Provincial de Pontevedra..... | 2 |
| Dirección Provincial de Ciudad Real | 2 |
| MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE | |
| Confederación Hidrográfica del Norte..... | 3 |

XUNTA DE GALICIA

| | |
|-------------------------------------|---|
| CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO | 3 |
|-------------------------------------|---|

ADMINISTRACIÓN LOCAL

| | |
|---|----|
| Municipal | |
| Vigo | 4 |
| Moaña..... | 27 |
| Mos..... | 27 |
| Dozón..... | 27 |
| A Guarda..... | 28 |
| Bueu | 30 |
| Salceda de Caselas..... | 30 |
| Cuntis..... | 30 |
| Lalín..... | 30 |
| Vila de Cruces..... | 31 |
| A Estrada..... | 35 |
| <i>Recadación do Concello de Pontevedra</i> | 36 |

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES
TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL
DIRECCIÓN PROVINCIAL
PONTEVEDRA

C.C.C.: 36106193293.

RÉGIMEN: General.

ACTO REVISADO: 01 015322807.

PERÍODO: Mayo/01.

IMPORTE: 758.699.

En relación con el procedimiento de revisión de oficio del acto de referencia y teniendo en consideración los siguientes:

HECHOS:

1º.—La reclamación de deuda por cuotas del Régimen General de la Seguridad Social le fue notificada el 25/10/01 a la empresa Galilar, S.L., con domicilio en Camiño da Feira, 8, 36313 Vigo, formulando contra ella Recurso de alzada/ordinario en fecha 03/12/01 que ha sido desestimado mediante Resolución de 04/12/01 por haber sido formulado fuera del plazo reglamentario de un mes siguiente a la notificación del acto recurrido.

2º.—El procedimiento de revisión se incoa de oficio por haber presentado, con la formalización del recurso, "hojas de salario" de los trabajadores de alta en la empresa que demuestran que las bases reales son distintas de las que figuran en la reclamación.

FUNDAMENTOS DE DERECHO:

I.—Artículo 105 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 27-11-1992).

II.—La competencia para conocer y resolver este procedimiento viene dada por el Artículo 130 de la Orden de 26 de Mayo de 1999 que desarrolla el Reglamento General de Recaudación de los Recursos del Sistema de la Seguridad Social (B.O.E. de 04-06-99).

III.—Artículo 23 y siguientes del Real Decreto 2064/1995, de 22 de Diciembre, por el que se aprueba el Reglamento General sobre Cotización y Liquidación de otros Derechos de la Seguridad Social (B.O.E. del 25-01-96).

Vistos los preceptos legales citados, y demás de general aplicación, esta Dirección Provincial

RESUELVE:

1º.—Acordar la revisión de oficio de la providencia de apremio número 01 015322807 prac-

ticada con fecha 30/08/01 en el sentido de sustituir el importe reclamado por el que se declara en la presente resolución y queda establecido en 359.591 pesetas (266.364 ptas. principal, 93.227 ptas. recargo).

2º.—Convalidar el resto de los pronunciamientos contenidos en la citada reclamación de deuda así como declarar la convalidación de todas las actuaciones y acuerdos posteriores a que aquella hubiera dado lugar, incluida la providencia de apremio y, en su caso, la del embargo que hubiera podido decretarse, salvo en lo que se refiere a la cuantía debida, que debe reducirse en la parte correspondiente, como consecuencia de los efectos que sobre la misma debe producir la presente resolución.

Contra la presente resolución podrá interponerse recurso de alzada/ordinario ante el Director Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente a su notificación, de conformidad con el artículo 183 del Reglamento General de Recaudación, aprobado por Real Decreto 1637/95 de 6 de octubre (B.O.E. de 24 de octubre).

El plazo máximo para la resolución del recurso alzada/ordinario es de tres meses, contados desde la fecha de su presentación, transcurrido dicho plazo, sin que recaiga resolución expresa, el mismo podrá entenderse desestimado, según dispone el artículo 183.1 a) del Reglamento General de Recaudación, lo que se comunica a los efectos de lo establecido en el art. 42.4 de la Ley 30/92, modificada por la Ley 4/99.

Vigo, a 4 de diciembre de 2001.—El Subd. Prov. de Gestión Recaudatoria, P.D., el Director de la Administración, Víctor Cuesta Miguel.

432

DIRECCIÓN PROVINCIAL
DE CIUDAD REAL

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.4 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. de 27.11), y no habiéndose podido practicar la notificación en el último domicilio conocido, se hace pública la resolución de baja del trabajador que a continuación se relaciona, con la advertencia que contra esta resolución que no agota la vía administrativa se podrá interponer reclamación previa ante esta Dirección Provincial en el plazo de los treinta días siguientes al de esta notificación, según lo establecido en el artículo 71 del Real Decreto Legislativo 2/1995, de 27 de abril, por el que

se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Procedimiento Laboral (B.O.E. de 11.04). Transcurrido el plazo de 45 días desde la interposición de dicha reclamación previa sin que recaiga resolución expresa, la misma podrá entenderse desestimada, lo que se comunica a efectos de lo establecido en el artículo 42.4 de la citada Ley 30/1992:

N.A.F.: 360042439944.—Trabajador: José Benito Rivas García. Alta/baja: Baja. Régimen: RETA. Fecha: 30.06.2001.

Ciudad Real, a cuatro de diciembre de dos mil uno.—El Subdirector Provincial de Gestión Recaudatoria, Juan Colmenar Pérez. 113

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL NORTE

COMISARÍA DE AGUAS

INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: D. Juan Carlos Carballido Carballido.

D.N.I./N.I.F. nº: 76.893.807-T.

Domicilio: Couso-Guláns-Ponteareas (Pontevedra).

Nombre del río o corriente: Manantial.

Caudal solicitado: 0,011 l/s.

Punto de emplazamiento: Monte Presiña-Cousog Parroquia Guláns.

Término municipal y provincia: Ponteareas (Pontevedra).

Destino: Uso doméstico.

Breve descripción de las obras y finalidad

Las obras consistirán en el aprovechamiento de un manantial mediante limpieza del terreno y construcción de arqueta de 1x1x2, de la que saldrá una tubería de PE de diámetro 50 y una longitud de 300 m que llega hasta la acometida principal de la casa.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de treinta días, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el “Boletín Oficial” de la provincia de Pontevedra, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Ponteare-

as, o en la Confederación Hidrográfica del Norte (Comisaría de Aguas, c/ Progreso, número 6-32071 Ourense), donde estará de manifiesto el expediente.—El Jefe del Servicio, José Alonso Seijas. 9337

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Industria e Comercio

DELEGACIÓN PROVINCIAL

PONTEVEDRA

Resolución do 20 de decembro de 2001, da Delegación Provincial en Pontevedra, pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Número expediente: IN407A 2001/261-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

Solicitante: Hidroeléctrica Silleda, S.A.

Enderezo Social: Avda. Parque, 15. 36540 Silleda.

Denominación: LMT, CT e RBT en Fieitoso-Olives.

Situación: Silleda.

Descripcións técnicas

LMT, aérea, a 20 kV, de 1.040 m de lonxitude, con conductor tipo LA-30, sobre apoios metálicos e de formigón, desde o CT existente Fraiz ata o CT que se proxecta en Fieitoso-Olives, no concello de Silleda. CT de 50 KVA, relación de transformación 20 KV-380/220 V. RBT, aérea, de 590 m de lonxitude, con conductor RZ, sobre apoios de formigón.

Cumprido-los trámites ordenados la Lei 54/1997, do 27 de novembro, e nos capítulos III e IV do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta Delegación Provincial:

Resolve.—Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Pontevedra, a 20 de decembro de 2001.—A Delegada Provincial, Carmen Bianchi Valcarce. 428

A Y U N T A M I E N T O S

V I G O

A N U N C I O

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2001, resolveu as reclamacións e suxerencias presentadas en relación coa Ordenanza xeral reguladora das obras e as consecuentes ocupacións necesarias para a implantación de servicios na vía pública.

Unha vez refundido por esta Alcaldía o texto aprobado inicialmente coas reclamacións e suxerencias admitidas, de conformidade coa autorización que a Corporación lle outorgou na referida sesión, procédese á publicación do texto definitivo que, de conformidade coa disposición final quinta da citada Ordenanza, entrará en vigor ós 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA XERAL REGULADORA DAS OBRAS E AS CONSEGUINTES OCUPACIÓNNS NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS NA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO I.—PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 1º.—Obxecto

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación dentro do ámbito da competencia municipal das condicións a que deben suxeitarse a realización de obras e a conseguinte ocupación da vía pública necesarias para a instalación, mantemento, modificación ou supresión de servicios.

As previsións desta ordenanza extenderánse a calquera outra obra que se realice na vía pública e as ocupacións que delas se deriven, calquera que sexa o seu titular, agás que pola súa natureza só sexan de aplicación ás compañías subministradoras de servicios.

A estes efectos terán a consideración de vía pública, non só a rede viaria senón calquera espacio libre municipal de dominio e uso público, o seu solo, voo ou subsolo.

Artigo 2º.—Normas técnicas de aplicación

Con carácter xeral as obras e ocupacións da vía pública reguladas por esta ordenanza deberán cumplirlas Normas, Pregos e demáis disposicións vixentes, tanto de carácter xeral como as propias de cada un dos servicios a que se destinan e, así mesmo, as previsións que para cada unha delas se contemplan nos anexos desta ordenanza.

CAPÍTULO II.—PLANIFICACIÓN DAS OBRAS

Artigo 3º.—Planificación xeral

As distintas compañías subministradoras de servicios que operen na cidade deberán presentar ó

Concello antes da iniciación dos traballos preparatorios da revisión do Plan Xeral ou da aprobación dos plans especiais que afecten a infraestructuras ou á rede viaria e no prazo que se lle indique, os seus plans e programas de actuación no territorio municipal ou, no seu caso, no sector afectado, que deberán abracer un mínimo de catro anos para a súa incorporación ó planeamento.

Artigo 4º.—Planificación anual

Para garantir en todo momento a coordinación das obras na vía pública entre as distintas compañías subministradoras de servicios e destas coas actuacións que no uso das súas competencias acorde o Concello, aquéllas deberán presentar antes do día 1 de outubro de cada ano o seu plan de obras proxectado para o seguinte ano, debidamente calendadas con especificación das datas previstas para comezo e finalización da execución das obras a realizar.

Os Servicios Técnicos municipais competentes proporán as variacións a introducir en cada un dos plans, xustificando as circunstancias que o motivan. Do seu informe daráse traslado a cada unha delas, conferíndolle trámite de audiencia para que aleguen o que estimen oportuno.

Evacuado o anterior trámite procederáse a redacta-lo Plan de Obras Coordinado para o seguinte ano, que será aprobado pola Alcaldía tra-lo informe da Comisión Mixta de Planificación e Seguimiento, á que se refire o art. 7.

Artigo 5º.—Contido dos Plans

O Plan de Instalacións deberá conter cando menos a previsión das novas obras e de todas aquellas que teñan por obxecto a ampliación de redes e a substitución de redes antigas ou en mal estado. Quedan fora do seu ámbito todas as actuacións que se realicen para repacíons de urxencia.

Artigo 6º.—Vinculación dos Plans

Os Plans de Instalacións vinculan ás empresas subministradoras polo que o Concello denegará con carácter xeral a licencia para a execución das obras previstas nesta ordenanza ás que se refire ó artigo anterior que non estivesen incluídas naqueles.

Artigo 7º.—Comisión Mixta de Planificación e Seguimiento (CPS)

A Comisión Mixta de Planificación e Seguimiento estará integrada paritariamente por representantes do Concello e das compañías subministradoras de servicios que operan na Cidade e terá como funcións as seguintes:

- a) Informar a efectos da súa debida coordinación os plans de obras, tanto os que son consecuencia das previsións dun novo planeamento urbanístico, como os anuais.

- b) Propoñer ó Concello as iniciativas conducentes a eliminar ou reduci-los perigos e molestias que as obras poidan causar ós ciudadáns.
- c) Informa-los proxectos de galerías de servicios ou arquetas compartidas por varias empresas.
- d) Fixa-la data de inicio das obras na vía pública para a súa mellor coordinación.
- e) Asesorar á Alcaldía en relación cos asuntos relacionados coas obras na vía pública que aquela someta á súa consideración.

Artigo 8º.—Zonas excluídas

1.—As compañías subministradoras de servicios non poderán realizar novas canalizacións, grandes calas ou calas nunha vía pública, dentro dos tres anos seguintes á recepción das obras de pavimentación de calzada ou de beirarrúas, cando previamente se lles advertise da súa execución e se lles outorgase un prazo para que puidesen instalar os seus servicios.

A anterior previsión aplicarase tamén ás obras na rúa incluídas nos plans anuais.

2.—Tampouco poderán concederse licencias para obras nin autorizacións para as ocupacións da vía pública que daquelas se deriven, se a entidade peticionaria se atopase fora de prazo na realización doutras autorizadas anteriormente, ou tivesen algunha anomalía pendente de subsanar nas obras anteriormente executadas.

CAPÍTULO III.—NORMAS XERAIS SOBRE INSTALACIÓNS DE SERVICIOS

Artigo 9º.—Modalidades

As instalacións das redes de servicios na vía pública serán sempre subterráneas e se executarán baixo calquera das seguintes modalidades:

- a) Galería de servicios visible.
- b) Galería de servicios accesible desde o exterior ou caixóns de servicio.
- c) Tubulares ou ovoides.

As instalacións en forma distinta das anteriores, incluídos os tendidos aéreos terán sempre carácter excepcional e provisional e soamente se autorizarán nas condicións que se establezan na licencia ou autorización que se concederá sempre en precario, e entre as que deberá figura-la obriga de retira-las ou modifica-las cando o Concello o ordene, sendo a costa do seu titular os custos que ditas actuacións produzan.

Artigo 10º.—Galerías de servicios visitables

O Concello poderá impoñer nos proxectos de urbanización a obriga de inclui-la construcción de

galerías de servicios visitables que aloxen ás conduccións de abastecemento de auga, enerxía eléctrica e comunicacóns como mínimo.

As directrices e criterios xerais para a súa construción son as que figuran no Anexo IV da presente ordenanza.

Artigo 11º.—Condicións xerais das demás conduccións

Son con carácter xeral, as seguintes:

- 1) Deberán utilizarse arquetas compartidas para instalación de servicios salvo que técnicamente non sexa posible.
 - 2) As canalizacións para instalación de servicios deberán discorrer polas beirarrúas, salvo imposibilidade debidamente xustificada. Neste caso poderá autorizarse a súa instalación no carril de aparcamento ou de circulación máis próximo á beirarrúa, debendo discorrer polo seu centro.
 - 3) Xuntamente coa conducción principal instalaránse as secundarias desde ésta ata o bordo das beirarrúas necesarias para poder dar servicio a catro inmobles, como máximo, agrupadas desde o inicio da numeración da rúa. Cada unha delas, se situará no punto medio da línea do fronte da fachada, a lonxitude da cal non poderá exceder de 20 m. a cada lado da canalización.
- A estos efectos terá a consideración de rúa cada unha das súas partes comprendidas entre dúas rúas perpendiculares a aquela.

Artigo 12º.—Profundidade das conduccións

As conduccións que non se instalen en galería visitable deben situarse con carácter xeral á profundidade libre en metros que se indica no Anexo III desta Ordenanza.

Na licencia de obras, e a petición do interesado, sempre por motivos técnicos debidamente xustificados, poderán autorizarse profundidades distintas.

Así mesmo poderá ordenalo o Concello por causa xustificada, sen dereito a indemnización nin-gunha á empresa instaladora.

Artigo 13º.—Distancia entre conduccións

As distancias mínimas entre conduccións son as que figuran no Anexo III desta Ordenanza.

En canto a súa modificación estaráse ó previsto no artigo anterior.

Artigo 14º.—Responsabilidade das empresas

É responsabilidade das empresas subministradoras de servicios a instalación e mantemento de tódalas conduccións conforme as normas de seguridade e protección que en cada caso e momento estableza a normativa xeral de aplicación e os anexos

desta ordenanza. Esta responsabilidade será solidaria no caso de empresas que utilicen galerías de servicios ou arquetas compartidas.

Artigo 15º.—Condicións xerais das obras

As obras deben executarse con carácter xeral e sen prexuízo das condicións específicas que figuran nos anexos desta ordenanza, con arranxo ás seguintes condicións:

a) A rotura do pavimento realizarase coa maquinaria que produza o menor deterioro posible do mesmo, elimine a máxima contaminación ambiental, especialmente acústica e sexa a máis axeitada para cada obra, puidendo sinalarse ou limitarse na licencia o tipo de maquinaria a emplegar.

b) A reposición do pavimento faráse cos mesmos materiais que o levantado, se existise no mercado, e no seu defecto con outro de calidade e características análogas, debendo quedar a calzada co mesmo aspecto e nas mesmas condicións constructivas nas que se atopaba antes da súa rotura.

Se intervisen varias empresas todas elas serán responsables solidariamente do cumprimento da anterior obriga.

c) Nas rúas principais denominadas rede primaria e secundaria que figuran como Anexo I a esta Ordenanza, as obras de canalización deben comprende-la totalidade da súa lonxitude, agás circunstancias que o impidan e que se farán constar expresamente na licencia.

d) As obras de recheo, macizado e pavimentado estarán suxeitas ó necesario control de calidade, supervisado polo Concello.

Dita supervisión poderá ser realizada polo Concello directamente ou contratada con empresas especializadas.

e) No caso de terse que emplegar maquinaria especial que poida daña-lo pavimento, sinalaranse os itinerarios que deba seguir e as medidas de seguridade que deba adoptar, sen prexuízo de responde-la empresa de servicios e a titular da maquinaria dos danos e prexuízos que poidan causar.

f) Sempre que coincidan as trazas de varias canalizacións deberá abrirse unha soa zanxa, agás dispensa polo Concello en base a circunstancias técnicas que o impidan, o que deberá constar na licencia.

g) Nas canalizacións que afecten a cruzamentos as obras realizaranse en dúas fases, afectando á mitade da calzada en cada unha delas, co fin de eliminar ou atenua-las molestias ó tráfico rodado. Deberán executarse con carácter xeral os fins de semana.

h) A introducción do cableado nas tuberías faráse en horario nocturno, agás motivos urxentes debidamente xustificados.

Artigo 16º.—Obrigas a cumplir durante a execución das obras.

A empresa durante a execución das obras deberá cumpri-las seguintes obrigas:

- a) Manter na obra a licencia a disposición dos servios de inspección.
- b) Sinalizala debidamente cada 150 m. de lonxitude, cun cartel no que figure o nome ou razón social do titular da licencia e no seu caso do contratista da obra, dirección, teléfono para aviso de avarías, número de licencia e data de autorización de gabia. A sinalización respecto a terceiros efectuarase conforme ó previsto no Anexo II desta Ordenanza, no referido a sinalización e balizamento, e na propia licencia, no seu caso.
- c) Dispoñer de pasos de peóns en perfectas condicións de seguridade en tódalas saídas de vivendas ou establecementos e demás puntos nos que sexa necesario, así como pasos en sentido lonxitudinal á canalización debidamente protexidos. A protección de pasos de peóns realizarase con valados anclados (normalmente por peso), que contarán cun ancho mínimo de 1,50 m.
- d) Conserva-la gabia aberta correctamente vallada, a fin de evita-lo paso a persoas alleas á obra.
- e) Contar cos contedores necesarios para acopio de materiais, tanto de obra como de cascallo ou material de desfeito, debidamente estacionados e anclados. Todos eles deberán figurar na licencia ou dispoñer de autorización independiente para a súa instalación.
- f) Actuar por zonas de traballo aberto que non excedan de 75 m. de lonxitude e, ademáis, que aqueles pendentes de reposición do pavimento non superen os 150 m., agás casos excepcionais nos que fose necesario ampliar ou reducir as lonxitudes máximas sinaladas e que figurarán expresamente na licencia ou orde de execución posterior.
- g) Respeta-los horarios especiais que figuran incluídos nesta Ordenanza ou se establezan na licencia ou por resolución posterior, para causa-las menores molestias ó veciños.
- h) Absterse de traballar naquelas datas que figuren no calendario laboral que antes de 31 de decembro de cada ano e para o seguinte, aprobará a Alcaldía a estos sós efectos e que incluirá aquellas nas que por razón de grandes aglomeracións ou festas tradicionais quede prohibida a execución de obras e a

ocupación da vía pública; que pode referirse a datas ou épocas determinadas e a zonas e rúas concretas do municipio.

- i) A balizar con elementos de 2m. de altura como mínimo, ríxidos e opacos, as ocupacións da vía pública para obras, a duración das cales se prevea superior a un mes no mesmo lugar.

Artigo 17º.—Desenvolvemento das obras

1.—A data concreta de inicio de execución das obras a fixará o Concello a proposta da Comisión Mixta de Planificación e Seguimento. Calquera variación deberá ser comunicada ó servicio Municipal de Vías e Obras, facendo referencia ó número de expediente da licencia a que se refire e os motivos que a xustifican.

2.—Así mesmo deberá comunicarse de inmediato a dito Servicio, calquera incidencia que se produza durante a execución das obras, indicando a natureza das mesmas e as medidas que se adoptaron ou se pretenden adoptar para subsaná-las, especialmente as deficiencias que se poidan detectar nas instalacións doutros servicios ou no estado do subsolo.

3.—Se durante a execución das obras as características do subsolo ou calquera outra circunstancia que non puidese ser prevista podan producir incumplimentos de prazo ou alteración de calquera das condicións previstas na licencia, solicitaráse por escrito ó Concello a prórroga de dita licencia ou a súa ampliación.

4.—A finalización das mesmas comunicarásé ó Concello nun prazo máximo de 2 días, achegando o certificado do director facultativo, no que se faga constar que foron realizadas con arreglo á normativa técnica de aplicación e que superaron os regulamentarios controis de calidade.

Artigo 18º.—Continuidade das obras

Non haberá solución de continuidade entre os traballos de recheo da canalización e da reposición do pavimento, incluida a reposición da sinalización tanto horizontal como vertical de tráfico que debe repoñerse íntegramente pola empresa á súa costa.

Nos casos nos que ben por autorización expresa ou por forza maior a obra permaneza temporalmente só en fase de recheo, a empresa titular da licencia deberá asegura-la fiabilidade dos firmes provisionais e á súa conveniente sinalización, sendo a única responsable de calquera dano persoal ou material que se produza con ocasión ou como consecuencia do estado daquela.

Mentras se manteña esta situación deberán cumplirse as previsións establecidas no Anexo II desta Ordenanza en canto a sinalización e balizamento.

Artigo 19º.—Control das instalacións

No prazo de un mes contado dende a finalización de cada obra as compañías subministradoras de servicios entregarán ó Concello en modelos da súa cartografía oficial dixitalizada, planos acotados da instalación realizada para integrala en dita cartografía, correspondente ós servicios que discorren baixo o solo municipal.

Artigo 20º.—Relacións cos veciños

As sociedades que contén con instalacións no solo, subsolo ou voo da vía pública do municipio deben contar cun teléfono de aviso de avarías a disposición do Concello, dos servicios de Policía Local e Extinción de Incendios e dos usuarios en xeral, coas liñas suficientes para garantir unha eficaz comunicación que deberán ser atendidas por persoal suficiente e cualificado para a reposición urxente das avarías.

Artigo 21º.—Características das tapas

1.—As tapas de acceso, rexistro e maniobra deberán ser de fundición, agás que o Concello autorice outros materiais, debendo acreditarse técnicamente a súa duración, calidade e firmeza, así como que contan cos sistemas necesarios para evita-la producción de ruidos.

2.—Levarán grabado o nome da compañía ou compañías subministradoras a quen pertencen.

3.—Terán que ser mantidas en perfectas condicións polos seus titulares, debendo ser reparadas ou substituídas nun prazo máximo dun día dende que se descubrise o defecto, e adoptarse mentres tanto, a través da correspondente sinalización e balado, as medidas que garanticen as condicións de seguridade para a circulación peonil e rodada.

4.—O Concello poderá acorda-la súa normalización.

Artigo 22º.—Traslado, modificación ou supresión de conduccións ou instalacións

Cando por razóns urbanísticas, de mantemento do viario público, obras de urbanización, instalación de novos servicios públicos, ou calquera outra causa de interese xeral se produzcan modificacións de rasantes ou de trazado de rúas que fagan necesario localizar, identificar, trasladar, modificar ou suprimir conduccións ou instalacións de servicios existentes, as empresas de servicios afectadas estarán obrigadas a realiza-las obras necesarias para isto, na forma e prazos que sinale o Concello.

Neste caso o custo que resulte das anteriores actuacións, correrá por conta da empresa titular do servicio afectado.

Artigo 23º.—Reposición con novos materiais

No caso de que na rúa na que se actúa esté aprobado un proxecto técnico para a execución de obras que comporten a renovación do pavimento, a compañía subministradora de servicios, unha vez finalizada a instalación das conduccións, deberá repoñer o pavimento afectado na superficie prevista nesta Ordenanza cos novos materiais que comporte o proxecto.

Artigo 24º.—Eliminación de barreiras arquitectónicas

Cando as obras afecten a bordos de beirarrúas fronte a pasos de peóns existentes que esté previsto sinalizar, que non contan co rebaixe necesario para facilita-lo paso de vehículos de minusválidos ou coches de nenos, a reposición deberá incluílo.

CAPÍTULO IV.—LICENCIAS*Artigo 25º.—Obrigatoriedade de licencia*

Toda obra que se realice na vía pública require da obtención de licencia que ampare a execución das mesmas e así mesmo a autorización da ocupación que produza.

Ambolos dous permisos tramitaranse con carácter xeral conxuntamente e concederanse nun só acto.

Artigo 26º.—Solicitantes

As licencias de obra na vía pública poden solicitarse:

- Pola empresa subministradora de servicios.
- Polo titular da obra ou instalación que precisa actuar sobre a vía pública.
- No caso de pasaxes permanentes, os titulares dos inmobilos ou parcelas ós que sirven.

Artigo 27º.—Clases de licencia

As licencias para execución de obras na via pública son dalgún dos tipos seguintes:

1—Para calas.—Terán a consideración de calas todas as aperturas de solo ou pavimento que contan coas seguintes características:

a) Xeométricas:

- Anchura máxima: 1,5 m.
- Lonxitude máxima: 25 m.
- Profundidade máxima: 4,5 m.
- No caso de que se sobrepase a anchura máxima e sen sobrepassa-los 3 m., a superficie afectada non superará os 20 m².
- No caso de que afecte á rede viaria, a totalidade do perímetro do preceptivo balizamento non suporá o corte total do tráfico en ningún dos sentidos de circulación permitidos en dita vía.

- b) Prazo de execución: non poderá superar-los cinco días.

Considérase acometida a obra realizada para leva-lo servizo dende o final da canalización ata os inmobilos.

2—Para grandes calas.—Terán a consideración de grandes calas todas as aperturas de solo ou pavimento que non tendo carácter lineal as súas dimensións e características superen os máximos establecidos para as calas.

3—Para canalizacións.—Terán a consideración de canalizacións todas as aperturas de solo ou pavimento que tendo carácter lineal, as súas características superen os máximos establecidos para as calas. O carácter lineal virá dado polo feito de que a lonxitude da apertura de solo ou pavimento sexa como mínimo dez veces maior ca súa anchura.

A efectos desta Ordenanza entenderánse incluídas nas canalizacións que afecten á calzada, non só a principal senón as secundarias que a leven ata o bordo da beirarrúa necesarias para dar servizo a tódolos futuros usuarios.

En consecuencia e a estos efectos, as licencias para acometidas comprenderán só aquelas que se executen en beirarrúas.

4—Para pasaxes permanentes.—Terán a consideración de pasaxes permanentes as obras necesarias en bordes ou beirarrúas para a construción ou supresión de pasos de vehículos, de forma que se permita ou impida o paso de vehículos entre a calzada e os inmobilos ou parcelas.

5—Para obras diversas.—Consideraránse como tales todas aquellas que afectando ó solo ou sub-solo da rede viaria, non poidan ser polas súas características englobadas nalgún dos tipos descritos nos catro puntos anteriores.

Artigo 28º.—Tramitación das licencias

As licencias tramitaranse de conformidade co previsto no Reglamento de Servicios das Corporacións Locais e na Ordenanza municipal que regule a súa tramitación, no seu caso.

Artigo 29º.—Documentación a aportar

As solicitudes de licencia deberán achegar a seguinte documentación:

- Impreso de autoliquidación de taxas ou prezos públicos no que se acredeite ter ingresado o seu importe e documento xustificativo do ingreso na Tesourería Municipal do 4% do importe do presupuesto de execución material da obra para inspección e control de calidade, a resultas da liquidación que proceda unha vez finalizada a obra, e sen prexuízo da súa devolución no caso de que a licencia fose denegada.

- b) Memoria.
- c) Planos en formatos A4 ou A3 sobre a cartografía municipal:
 - Plano de situación.
 - Planos parciais de planta, E1:500
 - Planos de planta E1:2000, no caso de que fosen máis de un os planos do punto anterior.
 - Planos do perfil lonxitudinal (no caso de obras de saneamento) EH1:1000EV1:100. Seccións tipo.
 - Planos de detalle da obra.
 - Plano dos servicios afectados.
- d) Presupuesto de ejecución material.
- e) Estudio de seguridade e saúde.
- f) Cando a obra non se execute pola compañía de servicios, copia de alta no IAE da empresa que se encargará dos traballos. No caso de terse contratado. En caso contrario, deberá comunicarse ó Concello previamente ó inicio das obras.
- g) Designación de Facultativo Director das obras e Coordinador de seguridade e saúde.

A memoria, os planos e o presupuesto deberán ser subscritos por técnico competente.

No caso de obras de escasa entidad, o Concello poderá excusa-la presentación daquela documentación que non fose precisa para concede-la licencia.

Artigo 30º.—Contido da memoria

A memoria deberá referirse en todo caso os seguintes aspectos:

- a) Descripción das obras a realizar.
- b) Relación de materiais a emplegar.
- c) Localización exacta na beirarrúa ou calzada da obra.
- d) Se se prevé actuar sobre cruzamentos de rúas, indicación dos mismos, datas e duración prevista e asísmo data proposta para inicio das obras.
- e) Duración estimada da obra.
- f) Ocupacións adicionais que se prevean con contedores de escombros, casetas de obras ou similares, debidamente superficiadas.
- g) Plan de sinalización e balizamento da obra de acordo co previsto no anexo desta ordenanza.

Ademáis calquera outro que o solicitante considere preciso.

Artigo 31º.—Reparación de avarías

No caso de reparación de avarías urxentes a empresa só precisará para inicia-los traballos da remisión dun fax á Policía Local e ó Departamento

Técnico de Tráfico no que figurará a lonxitude e ancho da obra, localización en beirarrúa ou calzada e data e hora aproximada de inicio e terminación, sen prexuízo de presentar no Concello, no prazo máximo de dous días, o correspondente impreso de liquidación de taxas e no prazo que se lle indique a restante documentación que poida solicitárselle por parte dos servicios técnicos municipais para completa-lo expediente.

A duración da reparación deste tipo de avarías, non poderá exceder de dous días.

Artigo 32º.—Proxectos integrais de canalización

Os proxectos de obra de canalizacións previstos nos plans anuais de instalacións, poderán aprobarse na súa integridade, sen prexuízo das posteriores solicitudes de licencia para cada un dos tramos nos que se pretende actuar en cada momento, ás que xa non lle será preciso achegar a documentación técnica do proxecto previamente aprobado.

Artigo 33º.—Obrigas do titular da licencia.

O titular da licencia está obrigado:

- a) Ó cumprimento desta ordenanza, da normativa específica reguladora do servicio ó que se afecten as obras, e as demás condicións específicas que poidan incluirse na resolución de outorgamento de licencia.
- b) A designar un técnico que dirixa as obras e un coordinador de seguridade e saúde.
- c) A finaliza-las obras no prazo que se estableza na licencia.
- d) A repara-los danos e indemniza-los prexuízos que poidan ocasionar ós particulares, a outras empresas ou ó dominio público como consecuencia da ejecución das obras ou da súa deficiente conservación ou mantemento.
- e) A entrega-la documentación dixitalizada á que se fai referencia nesta Ordenanza en ficheros XML, a definición dos cales será a establecida polo Concello.

Artigo 34º.—Fianza

1.—A fianza responderá dos danos e prexuízos que poida sofrí-lo dominio público con ocasión ou como consecuencia directa ou indirecta da ejecución das obras. O seu importe será do 10% do custo de execución da obra, que se entenderá que coincide co presupuesto presentado se non se modifícase aquél na licencia.

2.—Depositárase nos 15 días seguintes á notificación de concesión da liencia, e en todo caso antes do inicio das obras, en calquera das formas previstas na vixente lexislación, e cancelarase a solicitude do interesado e tra-lo informe técnico no que se acredite que a execución das obras está finalizada e realizada de conformidade coa licencia e que non

existen danos ou prexuízos ós que sexa necesario aplícalas, unha vez transcorrido o prazo de garantía.

3.—A través de convenio poderá establecerse a fianza correspondente a tódalas obras que segundo o Plan se prevé executar pola empresa operadora durante o ano, que deberá manterse actualizada en todo momento.

Artigo 35º.—Prazo de garantía

Establecese un prazo de garantía dun ano para as obras que supoñan reposición de solo municipal. Durante este prazo que se computará dende que a empresa comunique o final da obra, o Concello poderá esixir ó titular da obra calquera reparación que proceda na zona afectada, agás que se demostre que non é por culpa ou neglixencia na execución das obras de reposición do pavimento.

En todo caso substituirá a responsabilidade por vicios ocultos das obras establecida no Código Civil.

CAPÍTULO V.—OCUPACIÓN CON ELEMENTOS AFECTOS Á OBRA

Artigo 36º.—Esixencia de autorización

Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contedores, maquinaria ou calquera outro elemento afecto á obra debe contar coa preceptiva autorización municipal, que se outorgará previa solicitude acompañada dunha memoria descriptiva dos elementos que se pretenden instalar e a forma de facelo, e plano de situación das caseta, materiais, maquinaria, etc.

A autorización poderá solicitarse xunto coa licencia de obra, especificando na memoria e nos planos os elementos que se pretenden instalar ou colocar.

Artigo 37º.—Forma de realiza-la ocupación.

1.—A ocupación farase de forma que ocasione as menores molestias ós cidadáns e, en todo caso, nas zonas restrinxidas ó paso de vehículos.

2.—Así mesmo deberá efectuarse polo tempo indispensable e procurando que a súa dimensión sexa a mínima necesaria, e non exceda nunca da prevista na autorización, puidendo ordearse pola Alcaldía o levantamento daqueles elementos innecesarios ou a reubicación dos que non cumpran a condición de mínima ocupación.

3.—Unha vez desaparecida a necesidade da ocupación a empresa deberá retirar de inmediato os elementos instalados, procedendo á limpeza da zona e á reparación de calquera dano que puidese ter ocasionado.

Artigo 38º.—Normas de seguridade e limpeza.

1.—Sen prexuízo de que en todo momento os elementos afectos á obra deben estar colocados de forma que non entrañen perigo para as persoas, de noite e nos días non laborables a obra e elementos anexos á mesma deberán quedar en perfectas condicións, debidamente sinalizados coas correspondentes sinais de tráfico normalizadas, carteles e luminarias, debendo taparse as zanxas abertas, cando así o dispoñan os servicios técnicos municipais, con materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensións. En canto á maquinaria que non poida ser retirada, deberá quedar debidamente estacionada e con tódolos elementos de seguridade activados.

2.—Ó finalizar cada xornada de traballo deberánse retirar ou verter nos contedores apropiados todos os residuos de obras provintes da zona ocupada, deixandoa no adecuado estado de limpeza. Tódolos materiais ou acopios non paletizados ou conteneurizados deberán quedar protexidos por vallas.

CAPÍTULO VI.—INSPECCIÓN MUNICIPAL

Artigo 39º.—Obxecto das inspeccións

O Concello a través dos seu Servicio de Inspección na Vía Pública exercerá a vixilancia do cumprimento do disposto nesta Ordenanza, que en todo caso se extenderá ós seguintes aspectos:

- Que a ocupación da vía pública se realice dentro dos límites autorizados.
- Que as obras se executen en canto a localización, valado, sinalización, materiais, maquinaria a empregar, distancias, profundidades, etc. nas condicións previstas nesta Ordenanza e na licencia.
- Que as beirarrúas e calzadas, e mobiliario urbano, tanto do so como vó e subsolo se reponan ó seu estado primitivo e no seu defecto ó establecido na licencia.
- Que o recheo, compactación e asfaltado das zanxas se realice de acordo coas prescripcións técnicas vixentes, incluídas as previstas nos anexos desta Ordenanza.

Artigo 40º.—Facultades dos inspectores

1.—Os inspectores de obras no exercicio das súas atribucións poderán solicitar en calquera momento a licencia e demás documentación que segundo a normativa vixente debe encontrarse permanentemente na obra.

Cando comproben que existen deficiencias que poidan constituir infracción procederán a levantar acta por duplicado que será asinada xunto co encargado da obra, ó que se lle entregará copia e que servirá para inicia-lo correspondente expediente

sancionador, sen prexuíxo da obriga do interesado de subsana-las deficiencias observadas, facendo no caso de incumprimento a Administración municipal á súa costa, executando a fianza e senón fose suficiente cobrando o importe dos gastos a través da vía de apremio prevista no Regulamento Xeral de Recadación.

Cando as deficiencias sexan de tal gravidade que poidan poñer en perigo a seguridade das persoas ou ocasionar danos de importancia ás instalacións dos servicios públicos ou outros bens municipais, ordearán cautelarmente a paralización das obras e procederán ó seu precintado, dando conta inmediata ó Xefe do Departamento de Inspección para que por facultativo competente se decida sobre o mantemento, ou non, da suspensión e se propoña á Alcaldía as medidas a adoptar.

2.—Os inspectores de obras serán nomeados pola Alcaldía que lle outorgará a correspondente acreditación, sen prexuízo de ser auxiliados nas súas funcións por outro persoal municipal ou de empresas a quén o Concello lle encargase dito cometido.

CAPÍTULO VII.—REQUERIMENTOS, ORDES DE EXECUCIÓN, MEDIDAS CAUTELARES E EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS

Artigo 41º.—Requerimentos

Os requerimentos que efectúe a autoridade municipal en relación coas obras que se executen na vía pública contarán con algunha das seguintes finalidades:

- Subsana-la falta de licencia para as obras ou de autorización para ocupacións da vía pública con materiais, equipos ou instalacións.
- Adecuación da obra ou dás ocupacións ó previsto nesta Ordenanza ou na licencia que as autorice.

Para isto dictará as ordes de execución que considere necesarias, adoptará as medidas cautelares precisas e dispoñerá as execucións subsidiarias que sexan convenientes en cada caso.

Artigo 42º.—Contido das ordes de execución

As ordes de execución deberán ser congruentes cos motivos e fins que as xustifiquen, expresarán con claridade o alcance das mesmas en canto ó contido da actuación, tempo no que deben realizarse e custo previsto das mesmas, no seu caso. O seu obxecto será a reposición da vía pública ou dos elementos situados nela ó seu estado anterior á execución das obras ou á situación que se establecese na licencia e á restauración da legalidade urbanística infrinxida, ou calquera outro que se precise para o cumprimento da normativa vixente e, especialmente para a salvagarda da seguridade das persoas e dos seus bens.

Artigo 43º.—Adopción de medidas cautelares

As ordes de execución poderán referirse á adopción de medidas cautelares polo promotor, contratista ou director da obra ou que poderán adoptarse así mesmo directamente pola administración no caso de perigo inminente para as persoas ou os bens e que pola súa urxencia non sexan susceptibles de demora. As medidas a adoptar en cada caso deberán ser proporcionais ó risco que se trata de evitar e poderán consistir na paralización automática das obras e no seu precintado.

Artigo 44º.—Suspensión das obras

1.—A resolución ordeando a suspensión das obras dictarase sempre como medida cautelar simultánea á orde de execución, cando a obra se esté executando sen licencia e en tanto non se autorice.

2.—Tamén poderá acordarse cando se esté incumprindo a normativa xeral, a presente ordenanza ou as prescripcións contidas na licencia.

Artigo 45º.—Efectos da orde de execución

As ordes de execución terán os mesmos efectos que a licencia de obra, quedando obrigado o destinatario da mesma a presentar presupuesto detaiado das actuacións que en base a ela se realicen, a fin de liquida-los tributos que procedan.

Artigo 46º.—Execución subsidiaria

Tódalas ordes de execución dictadas pola Alcaldía serán susceptibles no caso de incumprimento de execución subsidiaria de conformidade co previsto nos arts. 106 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro. As actuacións materiais nas que consistan poderán ser realizadas polo propio Concello directamente ou a través de empresas especializadas.

CAPÍTULO VIII.—INFRACCIONES E SANCIÓNIS

Artigo 47º.—Normas de aplicación

1.—A realización de obras na vía pública sen licencia ou orde de execución ou sen axustarse as súas condicións, constitúe infracción urbanística prevista no art. 175 en relación co 178 da Lei 1/1997, de 14 de marzo, do Solo de Galicia e no art. 10, en relación co 69, do Decreto da Xunta de Galicia 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, e clasificaráse, graduaráse e sancionarase, de acordo co previsto nas ditas Normas.

2.—O incumprimento das restantes previsións contidas nesta Ordenanza, consideraránse infraccións á mesma.

Artigo 48º.—Clasificación das infraccións.

1.—As infraccións clasifícanse en:

- Leves
- Graves
- Moi graves

2.—Considéranse infraccións leves:

- a) Non manter na obra a licencia a disposición dos servicios de inspección.
- b) A existencia de acopios fora da zona balada e, en xeral, imcumpri-las normas sobre limpeza do art. 38.
- c) O depósito de escombros ou materiais sobrantes fora dos contedores.
- d) Supera-las dimensións da obra ou da ocupación sen exceder do 10% daquela.
- e) Non sinaliza-la obra cos carteis informativos establecidos nesta Ordenanza ou que istos non contén coa información esixida.
- f) Non comunicar á Alcaldía a variación da data de iniciación da obra, ou a súa finalización no prazo establecido.
- g) Exceder en menos de 15 días do prazo establecido para a entrega ó Concello do plano acotado da instalación.
- h) Non ter a disposición do Concello ou dos veciños un teléfono de chamadas para o caso de avarías.
- i) Exceder do número máximo de contedores autorizados.

3.—Infraccións graves:

- a) Incumpri-las normas sobre sinalización e balizamento previstas no Anexo II desta Ordenanza.
- b) Non observa-las previsións sobre “disposición de servicios, zonas tipo e reposición de pavimentos”, contempladas no Anexo III desta Ordenanza.
- c) Utilizar na obra maquinaria distinta da prevista na licencia.
- d) Non segui-los itinerarios que sinale o Concello no caso da utilización de maquinaria especial que poida dana-lo pavimento.
- e) Realiza-las obras nos cruces íntegramente, sen contar con autorización para isto.
- f) Carecer en todo ou en parte dos contedores que se esixe na autorización.
- g) Supera-las dimensións da obra ou ocupación en máis dun 10%.
- h) Incumpri-los horarios sinalados nesta Ordenanza, na licencia ou os ordenados pola Alcaldía.
- i) Exceder do prazo autorizado para a execución das obras sen causa xustificada.

- j) Non comunicar ó Concello as incidencias graves que se produzan durante a execución das obras ou as deficiencias observadas no subsolo ou nas instalacións doutros servicios.
- k) Producir interrupcións entre a aperturas das gabias, o seu recheo e a reposición do pavimento sen autorización.
- l) Exceder en máis de 15 días do prazo establecido para entrega ó Concello do plano acotado de cada instalación.
- m) Incumpri-las normas sobre características e condicións das tapas de acceso, rexistro ou maniobra ou non reparalas ou substituíllas no prazo establecido, así como non sinalalas entretanto adequadamente.
- n) Mante-la ocupación da vía pública unha vez rematada a obra
- o) Incumpri-las condicións de seguridade do art. 38
- p) A desobediencia ás ordes e instruccións municipais sobre a forma de executar as obras.
- q) A carencia ou insuficiencia de medidas de seguridade durante a execución das obras, incluso fora da xornada de traballo.
- r) Non establecer espacios ordenados para tráfico peonil ou facelo deficienteamente perturbando o seu normal desenvolvemento mentres duran as obras.
- s) Non comunicar de inmediato ó Concello os danos que poidan producirse durante a execución das obras a calquera cidadá, ós bens municipais ou ás demáis instalacións existentes na vía pública.
- t) A falta de reposición o seu estado orixinal da zona de obras, incluída a sinalización tanto vertical como horizontal, unha vez rematadas aquellas.
- u) A negativa, resistencia ou obstrucción á actuación inspectora.
- v) A comisión de dúas ou máis faltas leves nun período de 12 meses.

4.—Infraccións moi graves.

Consideraránse infraccións moi graves as seguintes:

- a) A comisión de calquera falta grave que supóna perigo para a vida ou seguridade das persoas.
- b) Non instalar as conduccións conforme ás normas de seguridade e protección vixentes.
- c) A realización de traballos na vía pública nas datas do calendario anual nas que esté prohibido.
- d) A comisión de máis de duas faltas graves no prazo de doce meses.

Artigo 49º.—Tipos de sancións

As sancións a impoñer polas infraccións a esta Ordenanza poderán consistir en:

- a) Multa pecuniaria.
- b) Revocación da licencia.
- c) Suspensión temporal da concesión de novas licencias.
- d) Inhabilitación á empresa executora das obras para traballar no termo municipal.

A imposición da sanción que corresponda será independiente da obriga de cesar de inmediato na conducta que a motiva e especialmente de adoptalas iniciativas necesarias para axusta-las obras ou ocupacións ó previsto na Ordenanza e específicamente na licencia.

Cada actuación que supoña infracción desta Ordenanza dará lugar a unha sanción independente, sen prexuízo dos supostos de infracción continuada previstas no Real decreto 1398/1993, do 9 de agosto.

Artigo 50º.—Graduación das sancións

Para a graduación das sancións teránse en conta os seguintes criterios:

- a) A reincidencia na infracción.
- b) A intencionalidade na súa comisión.
- c) A resistencia ou obstrucción á hora de restablece-la situación alterada ó seu estado orixinal ou ó sinalado na orde de execución.
- d) O tempo que transcorra entre o requerimento para realiza-la actuación e a súa execución, fundamentalmente en materia de ocupacións, recheos de zanxas e reposición de pavimentos.
- e) O perigo que a conducta poda conllevar para persoas, bens municipais ou outras instalacións de servicios.

Artigo 51º.—Suxetos responsables

As multas derivadas da execución de obras sen licencia se imporán ó titular do servicio de que se trate, á empresa contratista e ó técnico responsable da súa dirección, segundo proceda en cada caso.

Se se trata doutros incumprimentos da Ordenanza a multa imporase sempre ó titular da licencia.

Artigo 52º.—Importe das multas pecuniarias.

As multas pecuniarias terán a seguinte contía:

- a) Pola comisión de faltas leves, de 10.000 a 50.000 pts.
- b) Pola comisión de faltas graves, de 50.001 a 200.000 pts.

- c) Pola comisión de faltas moi graves, de 200.001 a 300.000,- pts.

Artigo 53º.—Revocación das licencias

As sancións que consistan na revocación da licencia imporanse ó seu titular só no caso de faltas graves ou moi graves e poderá acordarse sen prexuízo de que na resolución se ordene a restitución do dominio público á situación existente antes de que fose autorizada.

Artigo 54º.—Suspensión temporal

A suspensión temporal do outorgamento de novas licencias aplicarase só en casos de faltas moi graves.

Artigo 55º.—Inhabilitación das empresas

A inhabilitación temporal ou definitiva das empresas para executar obra de dominio público municipal aplicarase só cando a forma de executarse ditas obras supoña perigo para os cidadás ou bens municipais.

Artigo 56º.—Procedemento sancionador

A potestade sancionadora exercerase de acordo co establecido na lexilación de procedemento administrativo, especialmente no Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/1993, de 4 de Agosto.

CAPÍTULO IX.—SINALIZACIÓN E BALIZACIÓN DAS OCUPACIÓNNS CON OBRAS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 57º.—Suxetos obligados

A obriga de sinalización de calquera ocupación da vía pública con obras dentro do termo municipal corresponderá ós titulares da licencia e alcanzará non só a propia ocupación da vía senón a todos aqueles lugares nos que resulte necesaria calquera indicación como consecuencia directa ou indirecta das obras que se realizan.

Tanto a sinalización como o balizamento efectuaranse con arranxo ó previsto no anexo desta ordenanza.

Artigo 58º.—Criterios de aplicación

En todo caso a sinalización e balizamento estableceranse en función das circunstancias que concorran, especialmente as seguintes:

- a) Tipo de vía.—Calzada única en doble sentido de dirección ou calzadas separadas; en ámbolos dous casos segundo o seu ancho e número de carriles.

- b) Intensidade e velocidade normal da circulación antes e ó longo da zona ocupada polas obras.
- c) Visibilidade dispoñible antes e na zona de obras.
- d) Importancia da ocupación da vía, especialmente a magnitud do peche que produza.
- e) Duración da ocupación, con especial referencia á permanencia durante a noite e ó longo do fin de semana.
- f) Perigosidade que represente a presencia da obra no caso de que un vehículo invada a zona a ela reservada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Os convenios subscritos pola Corporación municipal coas empresas de servicios que estéan en vigor, continuarán aplicándose ata o seu vencemento, sen prexuízo da súa denuncia nos prazos neles establecidos e a redacción doutros novos no seu caso, adaptados ó contido desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As compañías subministradoras dos distintos servicios deberán presentar no prazo máximo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, o trazado e características das súas redes, en soporte dixitalizado e na base da cartografía oficial do Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

Os actuais tendidos aéreos, titularidade das diferentes compañías de subministración de servicios, consideráranse instalados en precario, e en relación con eles non se permitirá máis actuacións que a reparación de avarias, debendo soterrarse cando así o ordene o Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA

En tanto non se cree, organice e entre en funcionamento o Servicio de Inspección da Vía Pública, os actuais inspectores de Vías e Obras continuarán exercendo as funcións que veñen desempeñando.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA

As obras en curso de execución ou aquelas nas que xa se conte con licencia na data de entrada en vigor desta ordenanza, quedarán excluídas da súa aplicación.

En canto ás que solicitaran licencia e se encontren en trámite en dita data, serálle de aplicación agas que transcorra o prazo do seu outorgamento por silencio sen causa imputable ó solicitante.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA

Nas conduccións principais realizadas antes da entrada en vigor da presente Ordenanza, o Concello autorizará a instalación das secundarias necesarias nas condicións previstas no art. 11.3.

Nas zonas excluídas a que se refire o art. 8 estas canalizacións secundarias deberán realizarse no prazo conferido polo Concello ou do contrario quedarán suxeitas ó período de exclusión de 3 anos.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

O feito impoñible, a base impoñible e o tipo das taxas que se deriven da aplicación da presente Ordenanza serán os establecidos na correspondente Ordenanza fiscal vixente en cada momento.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Por razóns de ornato a partir da data de entrada en vigor desta Ordenanza quedan prohibidas as acometidas por fachadas con fronte ou visibles dende a vía pública, agás autorización expresa do Concello que debe figurar na licencia, en base á concorrencia de motivos técnicos que impidan o cumprimento desta previsión.

Neste caso as autorizacións concederánse sempre en precario e sen dereito a indemnización, debendo os titulares dos inmobles proceder a instalalas fora da fachada cando desaparezan os motivos que obligaron a instalalas naquelas, sendo os gastos da modificación por conta de ditos titulares.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

No prazo máximo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta Ordenanza o Concello aprobará un Prego de Prescripción Técnicas Xerais das distintas instalacións de servicios que se establezan no termo municipal.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA

Considéranse como formando parte desta Ordenanza os seus Anexos seguintes:

- 1.—Relación de rúas e prazas das redes viara, primaria e secundaria.
- 2.—Normativa para sinalización e balizamento das obras.
- 3.—Disposición de servicios. Gabias tipo. Reposición de pavimentos.
- 4.—Nornas para a construcción de galerías de servicios visitables.
- 5.—Normas específicas para pasaxes permanentes.

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA

A presente Ordenanza, entrará en vigor transcorridos 15 días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Na data da súa entrada en vigor quedará derrugada calquera outra, así como os acordos e resolucións que se lle oponan.

**ANEXOS ORDENANZA XERAL REGULADORA
DAS OBRAS E AS CONSEGUINTES OCUPACIÓNNS
NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DE
SERVICIOS NA VÍA PÚBLICA**

Redes primaria e secundaria de rúas.

Normativa para sinalización e balizamento das obras.

Disposición de servicios. Gabias tipo. Reposición de pavimentos.

Galerías de servicios visitables

Pasaxes permanentes de carruaxes.

**ANEXO I.—REDES PRIMARIA
E SECUNDARIA DE RUAS**

Relacionanse a continuación as rúas que ós efectos da presente ordenanza se indican nas denominadas redes primarias e redes secundarias de rúas:

REDE PRIMARIA**2º CINTURÓN**

- Aeroporto Avda. Ata Pardavila
- Alcalde Gregorio Espino Avda.
- Alcalde Portanet Avda.
- Álvaro Cunqueiro
- Antón Beiras
- Aragón Dende J. De La Fuente a Travesía de Vigo
- Areal
- Arquitecto Antonio Palacios Avda.
- Atlántida Avda. Dende Roade a Paulino Freire
- Balaidos Avda.
- Beiramar Avda.
- Buenos Aires
- Camelias Avda.
- Camilo Veiga
- Cánovas del Castillo
- Carral dende Cánovas del Castillo a Rúa Victoria
- Castelao Avda.
- Castrelos Avda de. Dende Praza América a Mestres Goldar
- Colón
- Coruña

- Elduayen
- Emilio Martínez Garrido Avda.
- Europa Avda. Dende Tomás Paredes A Cruce A Navia
- Falperra
- Florida Avda.
- Fragoso Avda.
- García Barbón Avda.
- García Ollóqui
- Gran Vía
- Hispanidad Avda.
- Isaac Peral
- Jenaro de La Fuente
- López Mora
- Madrid Avda. Dende Praza América a Ctra. Provincial
- Manuel de Castro
- Martín Echegarai
- Paulino Freire
- Pescadores
- Pi Y Margall
- Pintor Colmeiro
- Pizarro Dende Venezuela a Urzáiz
- Policarpo Sanz
- Porriño
- Porta do Sol
- Praza de Compostela Listado de Correos
- Praza de San Lorenzo
- Ramón Nieto Avda.
- Ata Baixada ó Capitán
- Romil dende Camelias a Cachamuiña
- Sanjurjo Badía
- Tomás A. Alonso dende Simancas a Praza Eugenio Fadrique
- Tomás Paredes
- Travesía de Vigo
- Urzáiz
- Val Miñor
- Venezuela
- Vitoria

REDE SECUNDARIA

- Andalucía
- Ánimas
- Aragón dende Jenáro de la Fuente a Urzáiz
- Badajoz
- Baiona
- Baixada A Igrexa
- Baixada ó Castaño
- Baixada ó Pontillón
- Baixada San Roque

- Barcelona
- Bolivia dende Gran Vía a Vázquez Varela
- Brasil
- Cachamuiña
- Carral dende M. de Valladares a Vitoria
- Conde de Torrecedeira
- Couto
- Couto De San Honorato
- Do Pazo
- Doutor Carracido
- Ecuador dende S. Bolívar a Vázquez Varela
- Escultor Gregorio Fernández
- Estrada dende Castelao Avda a Lalín
- Fernando Conde
- Filipinas
- Gaiteiro Ricardo Portela
- Grove
- Lalín
- Manuel Olivie
- María Berdiales
- Marqués de Valladares
- México
- Nuñez de Balboa
- Olímpicos
- Oporto
- Párroco D. José Otero
- Pino
- Pintor Laxeiro
- Puerto Rico
- Reconquista
- Regueiro
- Reiseñor
- Ronda de Don Bosco
- Rosalía de Castro
- Sagunto
- San Amaro dende Barcelona a Praza de España
- San Roque
- Santa Marta
- Serafín Avendaño
- Simón Bolívar
- Sto Cristo
- Tomás A. Alonso dende Peniche a Praza da Industria
- Tomás A. Alonso dende Simancas a Ferreiros
- Tui dende Baiona a Florida Avda.
- Valencia
- Vázquez Varela
- Vía Norte
- Zamora

ANEXO II.—NORMATIVA PARA A SINALIZACION E BALIZAMENTO DAS OBRAS

II.1.—Condicions xerais de sinalización

II.1.1.—Deberán sinalizarse tódalas obras que afectan á circulación de peóns e vehículos. Deberá sinalizarse o tramo ocupado polas obras e aqueles sitios nos que resulte necesario calquera indicación como consecuencia directa ou indirecta das mesmas.

II.1.2.—As sinais serán as que figuran no catálogo oficial de sinais de circulación e marcas viarias, a establecida polo Ministerio de Fomento, instrucción de estradas 8.3 IC e calqueras outras disposicións legais vixentes ó efecto.

II.1.3.—En ningún caso poderá comezarse unha obra, sen a correcta implantación das sinais que indiquen as incidencias que ocasiona, previstas nesta ordenanza.

II.1.4.—Tódolos pregos de condicóns para a realización dunha obra que afecte directa ou indirectamente á circulación de peóns e vehículos, preverá unha partida en concepto de información e sinalización.

II.2.—Características xerais de balizamento e sinalización

II.2.1.—As sinais e elementos de balizamento se situarán a distancias que permitan informar das incidencias con suficiente antelación, situadas en lugares perfectamente visibles tanto de noite como de día, a situación transversal e en altura de sinais estará de acordo coa normativa para a zona urbana.

II.2.2.—Os materiais utilizados para os soportes de sinalización serán os axeitados en canto a resistencia e calidade, garantindo a súa estabilidade á volta.

II.2.3.—O balizamento disporase na totalidade do perímetro das obras, non permitíndose a disposición de valos illados, dispónense sempre panel direccional reflectante nos frontes da ocupación e perpendicularmente ó sentido da circulación.

II.2.4.—Os valos non terán en ningún caso unha altura inferior a 1,25 m, correspondendo a modelos homologados. Serán de cor vermello as obras realizadas polo Concello e brancas para tódalas demás. Debendo estar en perfecto estado de conservación, estructural e estético. Deberán contar con elementos reflectantes e unha placa identificativa de 40x25 cm coa seguinte lenda:

Obras promovidas polo Concello:

- Escudo municipal
- Servicio municipal responsable
- Nome e anagrama da empresa que executalas obras

Obras públicas non municipais:

- Organismo promotor da obra
- Nombre da empresa executora das obras
- Número de licencia

Obras suxeitas a licencia:

- Nome e anagrama da empresa titular da licencia
- Nome da empresa executora das obras
- Número da licencia

II.2.5.—En horas nocturnas ou cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan, a sinalización deberá estar iluminada e claramente visible, debendo ser reflectantes as sinais de perigo e regulamentación. Os valos disporán de elementos reflectantes, debendo dispôrse luces fixas nos vértices dos extremos do recinto, roxas no sentido da marcha e amarelas no sentido contrario cando sinalicen obstáculos no centro da vía, con circulación permitida en ámbolos dous sentidos.

II.2.6.—En ningún caso poderán dispôrse máis de dúas sinais nun mesmo poste, nin combinar no mesmo as sinais TR 401 de dirección obligatoria coa R-101 de dirección prohibida.

II.3.—Pasos de peóns

II.3.1.—En todo caso deberá deixarse practicable o paso de peóns en obras que afecten as beirarrúas e os pasos de peóns en calzada.

II.3.2.—A anchura libre mínima de estes pasos en beirarrúas será de 1,50 m, con altura libre mínima de 2,10 m. En calzada os pasos de peóns non se verán reducidos en máis da metade da súa anchura.

II.3.3.—Os elementos que conformen estes pasos fixos, de madeira ou metálicos sen elementos cortantes ou punzantes, dispondrán rampas nos seus accesos e con pavimentos antideslizantes.

II.3.4.—Dispórase obligatoriamente pasamáns ou varandas de protección, cando exista unha escavación a menos de 1,50 m de distancia do paso.

II.3.5.—Se a ocupación da beirarrúa fose tal que se necesitase ocupar parte da calzada. Dispórase de pasos como os descritos nos puntos anteriores sinalizando debidamente a ocupación desta zona para o tráfico rodado, ofrecendo protección ó peón, cando proceda, nos dous costados.

II.3.6.—En todo caso manteranse en bo estado de limpeza as zonas habilitadas para tránsito de peóns.

II.4.—Plans de sinalización

II.4.1.—Cando a ocupación afecte á calzada de forma que resulte necesario o corte de algún dos sentidos de circulación permitidos na vía, será necesaria a presentación dun plan de sinalización e balizamento en cartografía municipal que deberá aproba-lo departamento de Circulación Viaria.

Dito plan deberá figurar na documentación achedada para a solicitude da licencia, de acordo co artigo desta ordenanza. No caso de que as obras sexan promovidas polo Concello o plan deberá achedarse no departamento de Circulación Viaria con 15 días antes do inicio das obras, e que contendrá:

Estudio de itinerarios alternativos.

Sinalización provisional horizontal e vertical.

Sinalización informativa de itinerarios alternativos.

Sinalización a ocultar ou retirar da implantada na vía.

II.4.2.—No caso anterior deberá ser publicada con suficiente antelación, o motivo, alcance e duración das obras. O custo da tales publicacións será a cargo do peticionario, así como os custos dos axustes na rede semafórica que se requiran.

II.4.3.—Nos casos nos que non se requira o corte de tráfico de ningún sentido de circulación, non se deixarán carrís de anchura inferior a 3 m por sentido; presentándose así mesmo o plan de sinalización para a súa aprobación polo departamento de Circulación Viaria, similar ó indicado anteriormente recomendando así mesmo itinerarios alternativos, se procedese.

II.4.4.—Nos casos nos que se requira prohibilo estacionamento para destinar esa zona de calzada a carril provisional de circulación disporase sinais de prohibido parar, cada 15 m dende 24 horas antes, colocando a empresa follas informativas nos parabrisas dos coches previa autorización do departamento de Circulación Viaria.

II.4.5.—Soamente en obras urxentes que non poidan someterse ós trámites indicados, presentarán o plan de sinalización, unha vez comezadas as obras, pero non poderán iniciarse sen cumplirlas normas xerais de sinalización.

II.4.6.—Os servicios municipais poderán establecer e esixir cando a boa práctica o aconselle, a realización de traballos en horarios nocturnos, festivos ou o incorporar equipos de maquinaria e persoal adicionais.

II.4.7.—En todo caso e unha vez outorgada a autorización deberá notificarse sempre á Policía Local, ó menos 48 horas antes, o comezo das obras.

II.5.—Contedores

II.5.1.—Cando para a realización das obras sexa preciso a instalación de contedores para copio de materiais ou cascallos, estes deberán dispôrse de tal maneira que non sobresaian da liña de aparcamiento. En rúas onde está prohibido aparcar será preceptiva a autorización do departamento de Circulación Viaria en canto ó balizamento, sinalización e ordenación da circulación se refire.

II.5.2.—Para a súa sinalización nocturna, os contedores disporán dunha banda de material suficiente en todo o seu perímetro superior de 15 cm de anchura como mínimo.

ANEXO III.—DISPOSICIÓN DE SERVICIOS, GABIAS E REPOSICIONS DE PAVIMENTOS

III.1.1.—Xeneralidades

Recollesen neste anexo a disposición dos servicios no subsolo dos espacios públicos municipais, con especial detemento en beirarrúas e calzadas da rede viaria. Faise referencia ós servicios cos que comunmente está dotada a cidade de Vigo, establecéndose con carácter xeral as profundidades e distancias mínimas a manter entre os diferentes servicios.

III.1.2.—Servicios contemplados

Os servicios contemplados neste anexo son:

| | |
|-----|---------------------------------|
| S | Saneamento |
| AB | Abastecemento de auga |
| AP | Iluminación pública |
| RS | Rede semafórica |
| BT | Liña eléctrica de baixa tensión |
| MT | Liña eléctrica de media tensión |
| AT | Liña eléctrica de alta tensión |
| TF | Telefónica |
| COM | Comunicación por cable |
| GAP | Gas alta presión |
| GBP | Gas baixa presión |

III.1.3.—Distancias mínimas a conservar entre servicios

Recóllense neste cadro III.1.3 as distancias en cm a conservar entre os diferentes servicios, tanto dispostos paralelamente, como nos seus posibles cruces, dispoñendo os elementos de protección que no seu caso establezan as normativas específicas de cada servicio. No caso de que por insuficiencia de espacio houbera de rebaixarse estas distancias, colocaranse os elementos de especial protección, xustificándoos tecnicamente ou ben que a respectiva regulamentación estableza para tales casos.

DISPOSICIÓN EN PARALELO

| | S | AB | AP | RS | BT e MT | AT | TF | COM | GAP | GM-BP |
|---------|-----|----|----|----|---------|----|----|-----|-----|-------|
| S | | | | | | | | | | |
| AB | 100 | | | | | | | | | |
| AP | 50 | 25 | | | | | | | | |
| RS | 50 | 25 | 20 | | | | | | | |
| BT e MT | 50 | 25 | 25 | 25 | | | | | | |
| AT | 50 | 30 | 25 | 25 | 25 | | | | | |
| TF | 30 | 30 | 25 | 25 | 25 | 25 | | | | |
| COM | 30 | 30 | 25 | 25 | 25 | 25 | | | | |
| GAP | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 50 | 40 | 40 | | |
| GM-BP | 40 | 20 | 20 | 20 | 20 | 50 | 30 | 20 | | |

DISPOSICIÓN EN CRUCE

| | S | AB | AP | RS | BT e MT | AT | TF | COM | GAP | GM-BP |
|---------|-----|----|----|----|---------|----|----|-----|-----|-------|
| S | | | | | | | | | | |
| AB | 100 | | | | | | | | | |
| AP | 25 | 25 | | | | | | | | |
| RS | 25 | 25 | 25 | | | | | | | |
| BT e MT | 50 | 25 | 25 | 25 | | | | | | |
| AT | 50 | 25 | 25 | 25 | 25 | | | | | |
| TF | 30 | 30 | 20 | 25 | 25 | | | | | |
| COM | 30 | 30 | 20 | 25 | 25 | | | | | |
| GAP | 40 | 20 | 20 | 20 | 20 | 25 | 30 | 20 | | |
| GM-BP | 40 | 20 | 20 | 20 | 20 | 25 | 30 | 20 | | |

| | |
|-----|------------------------------------|
| S | Saneamento |
| AB | Abastecemento de auga |
| AP | Iluminación pública |
| RS | Rede semafórica |
| BT | Liña eléctrica de baixa tensión |
| MT | Liña eléctrica de media tensión |
| AT | Liña eléctrica de alta tensión |
| TF | Telefónica |
| COM | Comunicación por cable |
| GAP | Gas alta presión |
| GBP | Gas baixa presión (cotas en cm) |

CADRO III.1.3

III.1.4.—Profundidades de implantación dos diferentes servicios

Recóllense no cadro III.1.4 con carácter xeral as profundidades mínimas ás que deben implantarse os diferentes servicios.

En función dos servicios a implantar estudiárase a coordinación de cruces e acometidas da tal maneira que se respecten ditas profundidades. De non ser así deberá xustificarse debidamente, con análise xeométrico da solución que se desenvolva e a disposición dos elementos de protección que se requiran.

CALZADA

| | Punto Referencia Canalización | Distancia Rasante Pavimento | |
|-----------------------------|-------------------------------|-----------------------------|----------|
| Saneamento | S | Xeneratriz Superior | > 1,50 m |
| Iluminación Pública | Ap | Teito Prisma | 0,80 m |
| Rede Semafórica | Rs | Teito Prisma | 0,80 m |
| Abastecemento de Auga | Ab | Xeneratriz Superior | 0,80 m |
| Gas | G | Xeneratriz Superior | 1,00 m |
| Electricidade Baixa Tensión | Bt | Teito Prisma | 1,00 m |
| Electricidade Media Tensión | Mt | Teito Prisma | > 1,10 m |
| Electricidade Alta Tensión | At | Teito Prisma | 1,40 m |
| Telefónica | Tf | Teito Prisma | 0,80 m |
| Comunicacións por Cable | Com | Teito Prisma | 0,80 m |

BEIRARRÚA

| | | Punto Referencia Canalización | Distancia Rasante Pavimento |
|-----------------------------|-----|----------------------------------|--------------------------------|
| Saneamento | S | Xeneratriz Superior | > 1,50 m |
| Iluminación Pública | Ap | Teito Prisma | 0,40 m |
| Rede Semaforica | Rs | Teito Prisma | 0,40 m |
| Abastecemento de Auga | Ab | Xeneratriz Superior | 0,60 m |
| Gas | G | Xeneratriz Superior | 0,80 m |
| Electricidade Baixa Tensión | Bt | Teito Prisma | 0,80 m |
| Electricidade Media Tensión | Mt | Teito Prisma | 1,00 m |
| Electricidade Alta Tensión | At | Teito Prisma | 1,30 m |
| Telefónica | Tf | Teito Prisma | 0,80 m |
| Comunicacións por Cable | Com | Teito Prisma | 0,80 m |

Cadro III.1.4

III.1.5.—Criterios de disposición en calzada e beirarrúa

Con carácter xeral os servicios, salvo o saneamento, deberán discorrer baixo o pavimento de beirarrúas, sen embargo dado que a disposición de tódolos servicios contemplados nesta ordenanza requiren unha anchura de beirarrúa de 3,50 m como mínimo, indícase a continuación o carácter prioritario de disposición de servicios en beirarrúas:

1º.—Iluminación pública e rede semafórica

2º.—Baixa tensión

3º.—Abastecemento de auga

4º.—Gas, telefonía ou comunicacións dependendo da súa existencia e da anchura da beirarrúa

5º.—Media e Alta tensión

O saneamento discorrerá normalmente baixo a calzada. No caso de canalizacións do gas deberá sinalizarse claramente a traza en superficie. En beirarrúas a sinalización efectuarase por medio de lousetas ou placas indicativas e en calzadas por medio de placas cravadas na mesma.

Os fitos de sinalización deberán indicar a denominación do ramal de rede e a distancia ó orixe de dito ramal. Deberán dispouse sempre nos orixes de ramais, nos puntos nos que a traza sufra un cambio de dirección superior a 2 e nas derivacións.

En zona urbana disporán cada 50 m como mínimo e en tódolos puntos singulares.

En zonas rurais dende cada fito deberá poder observarse cando menos o anterior e o seguinte.

A conservación dos fitos formará parte do programa de mantemento, vixilancia e control das instalacións da rede.

III.1.6.—Replanteo

Antes de comezar as obras, procederase ó replanteo das mesmas pola dirección facultativa, coa asistencia de técnicos representantes do servizo municipal de Vías e Obras, servizos municipais de

saneamento e abastecemento de auga e a empresa contratista das obras. Se se considerase oportuno reclamarase a asistencia dos servizos técnicos das compañías que teñan establecidos servizos que puideran resultar afectados.


No caso de discorrer pola calzada a traza da canalización a replantar farase de tal maneira que as tapas dos rexistros necesarios queden centrados no carril, co fin de evitar no posible que queden fóra das bandas de rodada dos vehículos.

III.2.—GABIAS

III.2.1.—Gabias tipo

No cadro III.2.1. indícanse as gabias tipo nas que alberga-las conduccións dos diferentes servizos.

Cadro III.2.1. GABIA TIPO SANEAMENTO




| H R | reforzo-en redres | E S |
|-----------------------|-------------------------------|------------------------|
| H R < 1.00 m | EM - 20 / P / 20 | H R = (expresar fondo) |
| 1.00 m < H R < 5.00 m | Arco compensado por fundación | 30 cm. |
| | EM - 20 / P / 20 | 30 cm. |

| MATERIAL TUBERIA | D mm. | H mm. | EM ASH Máx. altura circunferencial mínima (Kmatal) |
|--|------------------------------------|----------|--|
| FORMIGÓN EN MASSA | 400 - 700 800 | 15 20 | |
| ESCORRIGÓN ARMADO | 400 - 900 1000 - 2000 = 2000 | 15 20 | |
| PL. A.D. E PVC LISO E CIRCONVOLUTA | < 500 = 2000 | 15 20 | 4 m. H R = 4.00 m. 5 m. H R = 4.50 m. |

A súa traza discorrerá normalmente baixo calzada. H R non poderá ser inferior a 1,50 m. agás imposibilidade técnicamente xustificada. Disporanse os reforzos indicados no caso de H R < 1.00 m.


**CADRO III.2.1.b) GABIA TIPO ELECTRICIDADE
E REDE SEMAFÓRICA**

Banda de señalización homologada tipo GN



| | L.A.T. | L.M.T. | L.B.T. | A.P. | R.S. |
|--------------------|-----------|--------|--------|--------|-------|
| H.s | beirarrúa | 130 cm | 100 cm | 80 cm | 40 cm |
| | calzada | 140 cm | 110 cm | 100 cm | 80 cm |
| ES | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 |
| EI | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 |
| Banda señalización | SI | SI | SI | NON | NON |

CADRO III.2.1.c) GABIA TIPO ABASTECIMIENTO




| | H.s | EI |
|-----------|--------|--------|
| BEIRARRÚA | 60 cm. | 15 cm. |
| ESTRADA | 80 cm. | 15 cm. |

A súa traza discorrerá normalmente baixo beirarrúa.

GABIA TIPO GAS

Banda de señalización homologada tipo G.N.




| | H.s | EI | ES |
|-----------|---------|--------|--------|
| BEIRARRÚA | 80 cm. | 10 cm. | 20 cm. |
| ESTRADA | 100 cm. | 10 cm. | 20 cm. |

A súa traza discorrerá normalmente baixo beirarrúa.

CADRO III.2.1.d) GABIA TIPO PARA PRISMAS CONDUCCIÓN

Banda de señalización homologada tipo G.D.



| | ES | EI | EII | # horizontal | # vertical |
|-------------------------|--|----|-----|--------------|------------|
| BP < 35 HP < 35 | 10 | 10 | 10 | NO | NON |
| BP < 50 35 < BP < 50 | 10 | 10 | 10 | SI | NON |
| 35 < IIP < 50 | 10 | 10 | 10 | SI | SI |
| BP < 50 ó HP < 50 | deberá xustificarse técnicamente a resistencia estructural do prisma | | | | |

Dimensíóns mínimas expresadas en cm.

As dimensíóns mínimas de HR serán as establecidas para cada servizio.

Banda de sinalización homologada tipo G.N., para conduccións de gas e líneas de alta, baixa e media tensión.

III.2.2.—Execución das gabias

Realizado o replanteo das gabias, executaranse previa demolición do pavimento existente co equipo e maquinaria axeitado, ata a profundidade necesaria para a implantación do servizio respectivo, protexéndose os elementos de outros servizos que puideran resultar afectados pola escavación.

O fondo da gabia limparase de elementos soltos reenchendo as gretas e fendeduras co mesmo material que forme a cama ou apoio da tubeira ou conducción a instalar.

Deberán baleirar e esgota-las augas que irrompan na gabia, calquera que fora o seu orixe.

No caso de que os elementos procedentes da escavación fosen aproveitables para o recheo da gabia poderán acumular dentro do recinto balizado da obra cunha distancia ó borde de alomenos 60 cm para evitar a súa caída á gabia e por un período de tempo non superior a 48 horas. No caso contrario deberán acumularse en sitios axeitados e previamente autorizados fóra do ámbito da obra.

O contratista está obrigado a efectua-las entibacóns de gabias e pozos que sexan necesarias para evitar desprendementos do terreo, sempre que polas características ou profundidade da escavación sexa preceptivo o se estime conveniente para a estabilidade das paredes da escavación e seguridade das persoas debendo manter unha vixilancia permanente de comportamento das entibacóns e reforzalas ou substituíllas se fora necesario.

Con carácter xeral en solos inestables as gabias con profundidade superior a 1,30 m protexeranse contra posibles desprendementos por medio de entibacóns, sostementos ou ben realizándoa con taludes laterais con inclinacións non superiores a 3/4 (V:H) dende o fondo da gabia.

Revisaranse diariamente as entibacóns antes de comeza-la xornada de traballo tensando os cordais cando se aflixen. Así mesmo comprobaranse que están expeditos os canles de auga superficiais.

A profundidade máxima permitida sen estivar dende a parte superior da gabia, supoñendo que o terreo sexa suficientemente estable, non será superior a 1,30 m. Non obstante debe protexerse a gabia cun cabeceiro.

A altura máxima sen estivar, en fondo de gabia (a partir de 1,40 m), non superará os 0,70 m, aínda cando o terreo sexa de boa calidade.

A distancia mais próxima de calquera copio de materiais ó parámetro estibado non debe ser inferior a 1 m.

En xeral os valos acoutarán alomenos dun metro do paso de peóns e dous metros do de vehículos.

Nos casos de implantación dun novo servizio na cidade autorizaranse frontes de obra ata 150 m, entendendo por tal a lonxitude total de pavimento afectada, ben por estar aberta a gabia ou ben por non estar totalmente restituído o pavimento. Excepcionalmente os servizos municipais poderán variar esta dimensión reflectíndoo na licencia respectiva.

O recheo por enriba dos elementos de protección ou prismas das conduccións instaladas realizarase con solos seleccionados, entendendo por tal os que cumplan as condicións para eles establecidos no PG-3.

Previamente a proceder ás operacións de recheo, deberá avisarse á inspección técnica municipal, a fin de realizar as oportunas comprobacións.

A compactación realizarase por capas non superiores a 30 cm, executándose dúas capas de espeso igual á metade da altura a reencher, no caso de que esta fose superior a 30 cm e inferior a 60 cm e sempre que dito espeso supere os 3/2 do tamaño máximo do árido.

As densidades a obter serán como mínimo do 100% da obtida no ensaio proctor modificado.

No caso de que unha vez finalizada a operación de recheo de gabias se previra a reposición do firme definitivo cun desfase de mais de 24 horas en calzadas ou 48 horas en beirarrúas, deberá disporse un pavimento que deberá permanecer en perfecto estado ata a reposición definitiva do mesmo.

III.3.—REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS

III.3.1.—Xeneralidades

Os materiais pétreos como, lastro, lousas, bordes, etc. que sexan retirados para a execución das obras e poidan ser reutilizados, limparanse adecuadamente desprendendo as capas de morteiro ou de outros productos que tivesen adheridos, deixándolos en condicións de ser novamente utilizados. No

caso de non ser reutilizados na propia obra, límpenos e separados de cascallos serán transportados á depósitos municipais. O incumprimento de esta medida terá consideración de infracción grave.

O material sobrante de demolicións e escavacións será retirado diariamente da obra, non permitíndose que permaneza o seu copio mais tempo do establecido no punto III.2.2.

En todo caso, antes da reposición do pavimento realizaranse as probas de estanquidade, mandrilando das conduccións, comprobando que non resultaron machucadas ou danadas durante o proceso de compactación, etc, e todas aquellas que cada servicio requira para a súa aceptación.

Os perímetros das superficies de reposición, estarán en todo caso conformadas por alíñacionés paralelas ou perpendiculares ó eixe e bordes da vía, de tal maneira que pechen a totalidade do pavimento afectado.

Disporanse os correspondentes elementos (cintas, etc) soterrados de sinalización das conduccións.

As reposicións de pavimentos serán da mesma calidade que as existentes.

III.3.2.—Reposicións firmes de aglomerado asfáltico en quente

Realizarase o precorche do aglomerado existente con serra, conformando alíñacionés lonxitudinais paralelas en todo o seu trazado e sen puntos de descontinuidade ó eixe e bordes da vía, sendo as extremas perpendiculares a eles.

III.3.2.1.—Caso de existir capa intermedia de lastro.

Restituirase a base de formigón HM-20, cun espeso tal, que se alcance unha cota distante de 14 cm da rasante do pavimento ou ben ata alcanzar como máximo a rasante superior da capa de lastro existente. Reencherase con mestura bituminosa en quente tipo D-20 os 14 cm ou mais restantes, previo rego de imprimación con dotación de 1,5 kg/m² de ECR-0. Posteriormente realizarase un fresado de 6 cm de espeso coa anchura do pavimento reposto e un sobreancho de alomenos 50 cm por cada lado, ou ben no caso de vías da rede primaria e secundaria a totalidade da anchura dos carrís de circulación que ditos sobreanchos afecten. Posteriormente e previo rego de adherencia colocarase unha malla xeosintética bidireccional fixada ó leito do pavimento fresado, sobre a que se estendera unha capa de 6 cm de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 para proceder en último termo á reposición da sinalización horizontal existente.

O aglomerado estenderase a temperatura non inferior a 140º C e procederase a súa compactación con maquinaria compactadora tandem mixta auto-propulsada de peso non inferior a 2,70 Tn.

En ningún caso se permitirá a aplicación con medios manuais de emulsións en regos.

III.3.2.2.—Sen capa intermedia de lastro

Reporase o firme coas mesmas capas que o existente, realizándose posteriormente a operación de fresado descrita no apartado anterior.

III.3.3.—Firmes de formigón

Reporase tódalas capas do firme existente cos mesmos espesos e materiais, utilizando formigón HM-20

Nas vías da rede primaria e secundaria a reposición do firme estenderase ata as xuntas lonxitudinais e transversais mais próximas do pavimento existente afectado.

No resto das vías realizarase un precorche con serra a fin de que os bordes da reposición sexan alíñacionés rectas.

III.3.4.—Pavimento de lastro

Reporase tódalas capas do firme existente cos mesmos espesos e materiais que o firme existente.

A anchura do lastro a repoñer será a afectada cun sobreancho cando menos de 30 cm.

Os lastros preexistentes, de autorizarse a súa reutilización deberán estar totalmente limpos de morteiros ou de outras adherencias, presentando tódalas súas caras un perfecto estado que permita a súa nova colocación con total garantía.

III.3.5.—Enlousados de pedra

Reporase tódalas capas do firme cos mesmos espesos e características que os existentes.

Deberán repoñerese tódalas lousas que foran danadas ou foran desprazadas durante a execución da obra.

Se as lousas fosen asentadas sobre base de formigón, reporanse en toda a anchura no que a base resultara danada.

III.3.6.—Camiños a base de macádam bituminoso e tratamentos superficiais.

A reposición do macádam bituminoso con árido 40/70 e un espeso de 25 cm realizarase na franxa de pavimento afectado cun sobreancho de 50 cm por cada lado.

Previamente á aplicación do dobre tratamiento superficial, realizarase unha operación de bacheo e/ou a súa regularización se a maquinaria utilizada ou outras causas houbesen ocasionado despechamentos no firme.

Aplicarase posteriormente un dobre tratamiento superficial, o primeiro con dotación de 1,5 kg/m² de ECR2 e 13 litros/m² de árido 20/10.

O segundo tratamiento con dotación de 1 kg/m² de ECR2 e 7 litros/m² de árido 10/5 aplicarase á totalidade do ancho do camiño e en unha lonxitude tal que cubra a totalidade dos despropósitos ocaionados ó firme por motivos das obras.

III.3.7.—Pavimentos de beirarrúa

A reposición dos pavimentos de beirarrúa realízaranse cos mesmos materiais que os existentes.

En beirarrúas con anchura inferior a 1,50 m, reporase o pavimento da mesma en toda a súa lonxitude afectada e na totalidade da súa anchura.

En beirarrúas de anchuras superiores reporase as lousas afectadas e unha fileira adicional por cada un dos lados.

A base será de formigón HM-20 de 10 cm de espesor.

III.3.8.—Reposición de outros tipos de pavimentos

Para a reposición de aqueles pavimentos ós que non se fai referencia expresa neste anexo, rexeran os mesmos que para os anteriores no referente á utilización dos mesmos materiais existentes e a xeometría das superficies a repoñer. En canto á aceptación dos materiais e a execución serán establecidos en licencia e no seu defecto suxeitaranse ó establecido no xa citado PG-3.

III.3.9.—Protección de cercos e tapas de rexistro

Os cercos de tapas de rexistro en calzada, recoolleranse cun dado de formigón HM-20 anclado con DRAMIX con dosificación de 30 kg/m³.

O borde exterior do dado distará en planta e en tódolos seu perímetro de 30 cm do cerco que recolle. Serán de planta circular cando o cerco conformado por aliñacións rectas paralelas os dados de cercos cadrados ou rectangulares, redondeado nas súas esquinas con radio de 30 cm.

III.3.10.—Execución e control de calidade

A execución das operacións descritas neste anexo así como as calidades e características dos materiais mencionados, axustaranse ó establecido no prego de prescripcións técnicas xerais para obras de estradas e pontes PG-3.

Realizaranse os controis para a admisión de materiais e calidade de execución das obras que a continuación se indican, salvo que expresamente se citen outros na licencia de obra.

CADRO III. 10

| ACTIVIDADE | UNIDADE DE MOSTRAXE | | CARACTERÍSTICAS A ENSAIAR |
|---|---|------------------|--|
| Características xeométricas | 200 m ou fracción | 5 5 5 5 | Comprobación anchura, disposición, conduccións e distancias a outro servicios Comprobación profundidade Comprobación pendente lonxitudinal (saneamento) Comprobación nivelación e limpeza fondo de gabias |
| Formigados de soleiras e prismas | 50 m ³ de formigón ou fracción diaria | 4 1 | Resistencia compresión Consistencia |
| Aceptación conduccións previa á reposición do firme | | | Ensaios normalizados de cada un dos servicios como estanquidade, presión interior, etc. Probas de mandrilado de conduccións |
| Aceptación material de reéncheo | 400 m de gavia ou fracción | 1 | Ensaio densidade proctor modificado |
| | O cambio de material 1000 m de gavia ou fracción | 1 | Granulometría Límites de Attemberg Índice CBR Contido en materia orgánica |
| Compactación | 200 m ou fracción | 5 5 | Densidade "in situ" Humidade "in situ" |
| Aceptación de materiais de mesturas asfálticas | 3 muestras aleatorias en planta | 3 | Granulometrías Desgaste "Os Anxos" Coeficiente pulido acelerado Equivalente de área de mestura de áridos en seco Forma dos áridos (laxas e agullas) Adhesividade Friabilidade Marshall |

| <i>ACTIVIDADE</i> | <i>UNIDADE DE MOSTRAXE</i> | | <i>CARACTERÍSTICAS A ENSAIAR</i> |
|---|--|---------------------------------|---|
| Mesturas asfálticas aplicadas | 200 TM mestura colocada ou fracción diaria 100 Tm mestura colocada ou fracción diaria | 1 1 1 1 1 1 2 | Granulometría (áridos e filler) Granulometría (mestura de áridos) Límites de Atterberg (mestura de áridos) Equivalente de area de (mestura de áridos) Granulometría (mestura fabricada despois de extraer líxante) Marshall 3 probetas (densidade, estabilidade e deformación) Contido de líxante |
| Formigóns en bases de beirarrúas e calzadas | 50 m ³ de formigón colocado ou fracción diaria | 4 1 | Resistencia flexotracción Consistencia |
| Pavimentos de aglomerado acabado (gabias) | 100 m de gabia | 2 | Testiño espeso |
| Pavimentos de formigón acabados (gabias) | 100 m de gabia | 2 2 | Testiño espeso Testiño de resistencia a flexo tracción |

ANEXO IV.—GALERIAS DE SERVICIO VISITABLES

IV.1.—Definición e obxecto

Son construccions de carácter lineal, visitables, destinadas exclusivamente á situación de canalizacións e conduccións de servicios, dotados dos accesos necesarios para persoal, materiais e maquinaria necesarios para a instalación e mantemento dos mesmos.

IV.2.—Características xerais

A súa sección e profundidade será tal que garantindo a súa resistencia estructural e a correcta conservación dos pavimentos baixo os que discorren, poidan dispense accesos facilmente practicables para os usos a que estes se destinen.

O seu deseño será tal que imposibilite o acceso ás galerías, salvo en aqueles puntos nos que estes foran previstos, de tal maneira que poidan establecerse un sistema fiable de control de acceso por parte dos servicios municipais.

Poderán ser de formigón en masa ou armado, executadas "in situ" ou prefabricadas.

O deseño da súa sección, deberá prever os servicios a instalar e a súa disposición, de forma que se respecten as separacións entre servicios normativamente establecidas, deberá ter en conta a xeometría dos elementos de soporte, a disposición das instalacións de servicios accesorios como ventilación e iluminación, todo elo de forma que os desprazamentos de persoal, materiais e maquinaria sexan realizableis de forma segura e o suficientemente áxil para non dana-los elementos de outros servicios xa instalados.

Coidarase o detalle dos cruces e conexións con outras galerías, elementos singulares das mesmas, como en aqueles puntos nos que cambia a xeometría da sección e nos seus empalmes con outras fábricas, dispondo os reforzos estructurais necesarios para a resistencia de solicitudes anormais que puideran ocasionarse, así como xuntas que permitan movementos relativos se se prevé que estes podan producirse.

Deberá, captarse ou impedir a entrada de augas reactivas, chuvia ou filtracións de outros servicios.

Deberán impermeabilizarse axeitadamente a fin de mantelas en boas condicións de servicio, dispondo sistemas de evacuación e agotamento suficiente para caudais que eventualmente puideran filtrarse á galería ou procedentes de fugas de conduccións albergadas na propia galería.

IV.3.—Servicios a instalar

Non se disporán en galerías os servicios de saneamento, gas, conduccións eléctricas de tensión nominal superior a 45 quilovatios e aqueles que poidan supor riscos de accidente.

As separacións entre os diferentes servicios será como mínimo de 30 cm, debendo dispor proteccións especiais no caso de que dita separación non puidera manterse.

As canalizacións eléctricas non se disporán baixo conduccións susceptibles de ocasionar condensacións, no caso contrario deberán ser protexidas debidamente contra os efectos das mesmas. En todo caso as liñas de alta e baixa tensión cumplirán coas prescripcións indicadas nos seus respectivos regulamentos electrotécnicos.

IV.4.—Mantemento

Serán de uso exclusivo para a instalación de aqueles servicios para os que foron deseñados.

Establecerase a revisión periódica do estado dos sistemas de ventilación, iluminación e os elementos de captación e evacuación de caudais de auga recollidos.

Realizaranse periodicamente operacións de limpeza de residuos e humidades, reparando os elementos de impermeabilización deteriorados, selando gretas e fisuras, repoñendo enfuscados e soleiras deterioradas e realizando todas aquellas operacións que se requirian para mantelas en perfecto estado de servicio.

As operacións descritas realizaranse polas empresas beneficiarias das mesmas e a súa costa.


ANEXO V.—PASAXES PERMANENTES

De acordo co establecido nesta ordenanza terán a consideración de pasaxes permanentes as obras necesarias en bordos, beirarrúas para a construcción ou supresión de pasos de vehículos, de forma que se permita ou impida o paso de vehículos entre a calzada e os inmobeles ou parcelas.


O pavimento das entradas de carruaxes será a base de adoquín delimitandolo con rigola de grano como elemento separador dos pavimentos de calzada e beirarrúa colindantes, acordo co indicado nos planos V.1.a) e V.1.b).

As obras de nova urbanización estarán suxeitos ó disposto no presente anexo.

V.1.a) PLANTA



V.1.b) SECCIONES



As autorizacións de novas entradas de carruaxes supeditaránse á realización das obras necesarias para a modificación da zona de beirarrúa afectada, a costa do solicitante de dita autorización: O solicitante quedará así mesmo obrigado á reposición da beirarrúa ou seu estado orixinal no caso de renuncia a súa utilización ou impago das taxas que do aproveitamento se deriven.

A presente Ordenanza entrará en vigor transcorridos 15 días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vigo, 19 de decembro de 2001.—o Alcalde, Lois Pérez Castrillo.

437

A N U N C I O

A Comisión de Goberno Municipal do Concello de Vigo, en sesión do 10 de decembro de 2001, acordou aproba-las bases para a contratación en prácticas de dous auxiliares de laboratorio.

Por iso e de conformidade co previsto no artigo 41.25 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, convócanse as probas selectivas correspondentes.

As bases son as seguintes:

I. OBXETO DA CONVOCATORIA

A contratación en réxime laboral temporal en prácticas, por un período dun ano prorrogable por outro máis a dous auxiliares de laboratorio.

II. CONDICIONS DOS ASPIRANTES

- Ser español ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.
- Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder de 55 na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Estar en posesión das seguintes titulacións: Formación Profesional: Sanidade: Ciclo formativo de grao superior de dietética e saúde ambiental ou Química: Ciclo formativo de grao medio laboratorio ou de grao superior de análise e control ou química ambiental, e haber rematado os seus estudos nos catro anos inmediatamente anteriores á data en que teñan lugar as contratacóns. A estes efectos o cumprimento do servizo militar ou da prestación social substitutoria interromperá o cómputo do citado prazo; así mesmo, no caso de emigrantes titulados no extranjeiro o cómputo efectuarase desde a data de convalidación dos seus estudos en España. Estes extremos acreditaranse con certificación ó efecto.

- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servicio do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin se atopar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- f) Non atoparse incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Non haber traballado en prácticas ou habelo feito durante dous anos; neste caso o período máximo de prácticas extenderase ó tempo que lle falte para cumplir dito período.
- h) Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 2.315 ptas.

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e), f) e g) mediante declaración xurada ó efecto, o apartado h)ache-gando á instancia a carta de pagamento.

III. SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición.

Para o concurso rexerá o seguinte baremo:

Titulacións ou certificados de estudio que teñan relación coas funcións do posto:

Ciclo formativo de grao superior nas especialidades solicitadas; un punto se son superiores e 0,50 puntos se son do mesmo nivel.

Posteriormente á fase de concurso terá lugar a de oposición, que constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.—Consistirá en contestar no prazo máximo dunha hora, a un cuestionario de 20 preguntas con catro respuestas alternativas como mínimo, nun prazo máximo dunha hora en relación cos temas que figuran como Anexo I.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará coa mitade da puntuación outorgada a cada pregunta acertada.

Segundo exercicio.—Consistirá nunha proba de coñecemento de idioma galego, consistente en corrixi-los errores dun texto en galego que facilitará o tribunal nun prazo máximo de 15 minutos.

O primeiro exercicio será eliminatorio, e calificarse de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña 5 puntos.

O segundo exercicio será obligatorio pero non eliminatorio, puntuándose como máximo con 2

puntos, se non se obtivese 1 punto como mínimo o aspirante deberá participar no primeiro curso de galego que organice a Corporación.

Serán contratados os aspirantes que obteñan a maior puntuación unha vez sumadas as do concurso, primeiro exercicio e segundo exercicio do concurso-oposición.

IV. PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A instancia deberá xuntarse á documentación á que se fai referencia na base II anterior.

V. PUBLICIDADE

O anuncio da convocatoria publicarase no BOP, e a lista de excluídos e as causas que o motiva; así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio publicarase na prensa local. O resto dos anuncios no taboleiro de edictos da Casa Consistorial e no de anuncios dos centros onde se realicen as probas.

Contra a exclusión da lista de admitidos pode-rase presentar reclamación e subsanar erro ou omisións no prazo de catro días hábiles.

VI. TRIBUNAL

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O da Corporación ou concelleiro en que delegue.

Secretario: O secretario da Corporación ou funcionario integrado no grupo A de titulación, escala admón. xeral, designado polo Alcalde.

Vocais: O Director do Laboratorio Municipal, un técnico/a integrado no grupo de titulación ó que corresponda a praza designado polo Alcalde e un representante do Comité de Persoal.

Simultaneamente cos titulares designaranse ós respectivos supletes.

Tódolos membros do tribunal agás o presidente deberán ter titulación igual ou superior á requirida para ser nomeado.

Tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

A actuación do tribunal rexerase polo previsto na Lei de procedemento administrativo para o funcionamento dos órganos colexiados.

A N E X O I

Tema 1.—Desinfección e esterilización: principios.

Funcionamento de equipos. Seguridade. Procedementos.

Tema 2.—Preparación da mostra para ensaios microbiológicos de alimentos: homoxeinización e dilucións. Prepracións microscópicas: fixación e tinción.

Tema 3.—Medios de cultivo. Tipos e técnicas de preparación. Técnicas de sembra.

Tema 4.—Incubación. Conceptos e parámetros fundamentais.

Tema 5.—Disoluciones. Formas de expresar e calcular a concentración de disoluciones. Procedementos de preparación de disoluciones.

Tema 6.—Reacción ácido-base. Reacción oxidación-reducción e reacción de precipitación. Aplicacións e medida do ph e potencial de reducción.

Tema 7.—Conceptos xerais de análise volumétrico. Patrón primario. Indicadores. Volumetrias ácido-base. Volumetrías de precipitación. Volumetrias redox. Complexometrias.

Tema 8.—Análise instrumental: medida de ph e conductividade en augas por métodos eléctricos.

Tema 9.—Materiais habituais no laboratorio. Tipos, a súa manipulación e aplicacións. Técnicas e procedementos de limpeza de material.

Tema 10.—Toma de mostras de augas e alimentos: equipo e material de mostreio. Procedementos de envadado, transporte, marcase e acondicionamento de mostras.

Tema 11.—Prevención de riscos ambientais no laboratorio: resíduos de laboratorio.

Tema 12.—Programa de garantía de calidade. O control de calidade. Procedementos normalizados de traballo.

Segundo.—O contrato terá a duración dun ano, prorrogable por outro e o período de proba será dun mes.

Terceiro.—Durante o desenvolvemento do contrato, os seleccionados percibirán o 60% das retribucións do posto, durante o primeiro ano e o 75% durante o segundo do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo.

Vigo, 8 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, Lois Pérez Castrillo. 436

* * *

MOAÑA

E D I C T O

Solicitouse desta Alcaldía por José Manuel Rodríguez García, licencia municipal de apertura de taberna-bar, a ubicar no barrio de Cruceiro, nº 64, parroquia de San Martiño, desta Vila, cumprindo o disposto polo apartado b).3 do artigo 36 do Regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas, de 27 de agosto de

1982, ponse a información pública, por un período de dez días laborais, para que durante este tempo —que escomenzará a contar dende a publicación no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, no Servicio Municipal de Urbanismo, polas persoas que de algúñ xeito se sintan afectadas pola actividade que se quere chantar e poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que vexan necesarias.

Apartado b), número 3 do artigo 36 do Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de 27 de agosto de 1982.

Moaña, a 18 de decembro de 2001.—O Alcalde, Javier Barreiro Tenorio. 201

* * *

M O S

E D I C T O

Solicitouse desta Alcaldía por Peque Bar, S.L., licencia municipal para apertura de Bar Cafetería especial en Os Valos, nº 51-bajo, parroquia de Louredo, cumplindo o disposto polo apartado a) do número 2 do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse dende o día seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que de algúñ modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións u observacións que se estimen oportunas.

Mos, a 13 de decembro de 2001.—O Alcalde, Ramón Alonso Fernández. 260

* * *

D O Z Ó N

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o pasado día 28 de decembro de 2001, acordou solicitar a Excma. Deputación Provincial un anticipo polo importe de 5.093.835 pesetas para a financiación das obras do PPC e POL 2001.

O que se expón ó público polo prazo de quince días o expediente a efectos de alegacións.

Dozón, a 8 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, ilexible. 369

A GUARDA

EDICTO

Elevándose a definitivas ó non presentarse reclamacións contra elas a modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de servicios na piscina municipal (aprobación inicial polo Comisión de Goberno o 5 de novembro de 2001), a modificación do Regulamento orgánico (aprobación inicial polo Pleno do Concello o 30 de novembro de 2001) e a aprobación do Regulamento da piscina municipal do Concello da Guarda (aprobación inicial polo Pleno do Concello o 30 de novembro de 2001).

Procédese á publicación do texto íntegro dos acordos, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS
NA PISCINA MUNICIPAL**

TAREFAS

| ABOADO | MES | | TRIMESTRE | | SEMESTRE | | ANO | |
|--------------|-------|---------|-----------|---------|----------|---------|--------|---------|
| | EUROS | PESETAS | EUROS | PESETAS | EUROS | PESETAS | EUROS | PESETAS |
| INDIVIDUAL | 24,24 | 4.033 | 62,98 | 10.479 | 99,31 | 16.524 | 171,95 | 28.610 |
| FAMILIAR 2 | 32,47 | 5.403 | 84,27 | 14.021 | 132,83 | 22.101 | 233,26 | 38.811 |
| FAMILIAR 3 | 35,98 | 5.987 | 93,37 | 15.535 | 151,32 | 25.178 | 262 | 43.593 |
| FAMILIAR 4 | 40,39 | 6.720 | 104,71 | 17.422 | 167,32 | 27.840 | 301,93 | 50.237 |
| FAMILIAR 5 | 43,69 | 7.269 | 113,6 | 18.901 | 187,86 | 31.257 | 332,01 | 55.242 |
| FAMILIAR 6 | 47,23 | 7.858 | 122,86 | 20.442 | 203,06 | 33.786 | 359,04 | 59.739 |
| FAMILIAR + 6 | 52,23 | 8.690 | 135,82 | 22.599 | 226,89 | 37.751 | 407,76 | 67.846 |

| SERVICIOS | DIAS SEMANA | IDADE | COTA ABOADO | | C. NON ABOADO | |
|------------------|-------------|----------|-------------|---------|---------------|---------|
| | | | EUROS | PESETAS | EUROS | PESETAS |
| Monitor natación | 1 | 15 anos- | | | 9,82 | 1.634 |
| | | 15 anos+ | | | 13,76 | 2.290 |
| Monitor natación | 2 | 15 anos- | 4,42 | 735 | 13,24 | 2.202 |
| | | 15 anos+ | 7,08 | 1.178 | 22,03 | 3.666 |
| Monitor natación | 3 | 15 anos- | 8,82 | 1.468 | 22,81 | 3.795 |
| | | 15 anos+ | 14,13 | 2.352 | 26,44 | 4.399 |
| Monitor natación | 5 | 15 anos- | 13,11 | 2.182 | 34,68 | 5.770 |
| | | 15 anos+ | 20,94 | 3.484 | 48,47 | 8.065 |
| Natación bebés | 1 | | | | 16,38 | 2.725 |

| BONOS | EUROS | PESETAS | |
|----------------------|-------|---------|----------------------|
| 20 entradas adultos | 36,05 | 5.997 | (Caducidade 3 meses) |
| 10 entradas adultos | 18,02 | 2.999 | (Caducidade 3 meses) |
| 20 entradas infantil | 18,02 | 2.999 | (Caducidade 3 meses) |
| 10 entradas infantil | 9,01 | 1.498 | (Caducidade 3 meses) |

| ENTRADA LIBRE: | EUROS | PESETAS | |
|----------------|-------|---------|--|
| Adultos | 2,17 | 361 | |
| Netos | 1,24 | 206 | |

ORDENANZA REGULADORA DO REGULAMENTO ORGÁNICO

Artigo 1.1: O pleno da corporación reuniráse en sesión ordinaria con periodicidade mensual. A sesión terá lugar o último venres de cada mes e inciárase ás 18:00 horas nos meses de decembro a marzo, e as 20:00 horas nos meses de abril a outubro.

ORDENANZA REGULADORA DO REGULAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL

Establécese o seguinte regulamento de réxime interno coa finalidade de garantir un correcto funcionamento da instalación, ademais do cumprimento da normativa de piscinas de uso colectivo da Xunta de Galicia, aprobado polos Decretos:

- a) 53/1989, do 9 marzo.
- b) 173/1992, do 18 de xuño.
- c) 122/1995, do 20 de abril.

Regulamento da piscina municipal:

Artigo 1. Para acceder á piscina é imprescindible present-lo carné de abonado en conserxería.

Artigo 2. O carné é persoal e intransferible, e só poderá ser utilizado polo seu titular.

Artigo 3. No caso de ter dúbidas sobre a identidade do carné, e a requirimento do persoal da instalación, este deberá identificarse con documento acreditativo (DNI, pasaporte ou similar).

Artigo 4. Os acompañantes teñen prohibida a entrada ós vestiarios e zona de praia na piscina.

Artigo 5. O número máximo de usuarios no vaso de xeito simultáneo será de 35.

Artigo 6. O tempo máximo de actividade continua da será de 60 minutos, correspondéndose ás horas en punto.

Artigo 7. Tódolos usuarios deberán abandonar o vaso cando o socorrista indique o remate da franxa horaria.

Artigo 8. Os menores de 5 anos (inclusive) poderán entrar cos seus pais/nais no interior dos vestiarios.

Artigo 9. Os maiores de 6 años (inclusive) deberán utilizar unicamente o vestiario que lles corresponda.

Artigo 10. Prohibese a entrada vestido e con calzado da rúa na zona de praia.

Artigo 11. É obligatorio o uso de gorros de baño.

Artigo 12. Prohibese saltar á auga de cabeza.

Artigo 13. É obligatorio o uso de "chancletas" na zona de praia e vestiarios.

Artigo 14. É obligatorio ducharse antes da inmersión na auga do vaso.

Artigo 15. Os acompañantes deberán esperar fóra dos vestiarios.

Artigo 16. Está prohibida a entrada de animais en toda a instalación.

Artigo 17. Prohibese comer e beber na zona de praia reservada ós bañistas.

Artigo 18. Prohibese fumar nos vestiarios e zona praia.

Artigo 19. O lixo deberase deixar en recipientes destinados para tal efecto.

Artigo 20. Por facilitara convivencia de tódolos usuarios, non se debe correr nin berrar nas zonas compartidas con outra xente.

Artigo 21. Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada na zona reservada ós bañistas, daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se podan contaxiar a través da auga.

Artigo 22. Deberanse cumplir as normas de emprego dos armarios.

Artigo 23. O Concello de A Guarda e a empresa xestora non se fan responsables dos obxectos perdidos nos vestiarios ou zona de baño.

Artigo 24. Os rapaces menores de 10 anos deberán ir acompañados dun adulto para entrar no vaso.

Artigo 25. A utilización da piscina no horario de nado libre é exclusiva para a práctica natatoria, polo tanto está prohibida calqueroutra actividade que poida entorpecer ós usuarios o seu goce con este fin.

Artigo 26. No caso de que algún usuario incumpra algúns dos puntos deste regulamento, calquera traballador da instalación poderá chamarlle a atención sobre este feito. E no caso de ser de incumprimento reiterado poderá ser dado de baixa automática como abonado.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Guarda, 18 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, José Luis Alonso Riego.

393

A N U N C I O

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o 2 de novembro de 2001, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos históricos-artísticos,

parques zoológicos e outros centros análogos, elevándose a definitiva ó non presentarse reclamacións contra ela.

En cumprimento do artigo 17.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, se procede á publicación do texto íntegro do acordo, entrando en vigor unha vez que se leve a cabo a súa publicación:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos históricos-artísticos, parques zoológicos e outros centros análogos

A N E X O

| | |
|---|------------|
| Adultos e menores de máis de 14 anos..... | 0,70 euros |
| Menores de 14 anos..... | 0,20 euros |
| A Guarda, a 18 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, José Luis Alonso Riego. | 394 |

* * *

B U E U

E D I C T O

Solicitado ante esta Alcaldía por D. Salvador López Ferradás, licencia municipal para acondicionamento de local para Restaurante na Avda. de Cangas, nº 60.

Cumprindo o establecido no apartado a) do número 2 do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, co fin de que nese tempo —que empezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas quealgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretente instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Bueu, a 4 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, Tomás Barreiro Sotelo. 265

* * *

SALCEDA DE CASELAS

E D I C T O

Solicitada nesta Alcaldía por D. Florentino Ojea Pérez, licencia municipal para a sustitución e cambio de emplazamento dun depósito aéreo de 2,45 m³ por outro enterrado de 4 m³ para unha urbanización de 6 vivendas e restaurante, na finca “A Regueira”, sita en Pomar de Suso, expone a información pública polo prazo de 10 días hábiles, en cum-

primento do que dispón o artigo 30, apartado a), número 2, do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

Salceda de Caselas, a 10 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, José M. Fernández Rodríguez. 263

* * *

C U N T I S

A N U N C I O

Aprobada inicialmente, en sesión plenaria de 28 de decembro de 2001, a alteración da calificación xurídica do camiño público situado en Arcos de Arriba, Arcos de Furcos, Cuntis, lindante coas parcelas nº 276 de Dª María Sueiro Casais e nº 278 de Dª Dignora Camba Peña, para a súa desafectación do dominio público, e posterior permuta con outro trozo de terreo, propiedade de Dª Dignora Camba Peña, expõse ó público, por prazo de un mes, a contar desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia, ós efectos de posibles reclamacións.

Cuntis, a 7 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, ilexible. 261

* * *

L A L Í N

A N U N C I O

Aprobada con carácter provisional polo Pleno do Concello a modificación da Ordenanza reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos e exposto ó público por espacio de trinta días hábiles dende a publicación do anuncio correspondente no B.O.P. de Pontevedra sen que se presentaran reclamacións, enténdese definitivamente adoptado o acordo de modificación da citada Ordenanza, procedéndose a publicación íntegra do texto modificado da mesma, que queda redactado nos seguintes termos:

Por licencias municipais de segregación e parcelación:

- a) En solo urbán ou urbanizable 120,20 € (20.000 ptas.)
- b) En solo rústico..... 90,15 € (15.000 ptas.)

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor e será aplicable o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Lalín, a 16 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, José Crespo Iglesias. 362

VILA DE CRUCES

E D I C T O

Convócanse probas selectivas para a provisión, en réxime de contratación laboral fixa, dun posto de traballo de director da residencia da terceira idade do Concello de Vila de Cruces, que se rexerá polas Bases aprobadas pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o día 5 de decembro de 2001.

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria para a provisión, en réxime de contratación laboral fixo, do posto de traballo de director da residencia da terceira idade (grupo B) do Concello de Vila de Cruces (Pontevedra).

SEGUNDA. XORNADA E HORARIO

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, que se desenvolverá no horario que estableza a Alcaldía, podendo ser partida ou continua, incluíndo os días festivos.

TERCEIRA. RETRIBUCIÓN

As retribucións do posto convocado será equivalente ás fixadas para os postos similares do Concello e abonaranse con cargo ós créditos previstos con tal finalidade no orzamento municipal.

CUARTA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o concurso-oposición.

QUINTA. REQUISITOS

- Ser español (acreditarase mediante fotocopia do DNI cotexada). Sen embargo, os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións cos españois.
- Ter máis de 18 anos de idade e non exceder de 55 anos na data en que remate o prazo de presentación de instancias, agás que por disposición legal ou regulamentaria se estableza outra idade de xubilación distinta dos 65 anos ou unha idade máxima determinada para o ingreso.
- Estar en posesión da seguinte titulación académica ou en condicións de obtela cando finalice o prazo para a presentación de solicitudes: Diplomado universitario ou equivalente.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións correspondentes. As persoas que padecen minusvalías deberán facelo constar na solicitude, si-

nalando se precisan adaptación para a realización das probas.

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera administración pública nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- Non estar incuso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño das súas funcións.

SEXTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes dirixiranse ó alcalde do concello coas documentación que sexa preciso presentar, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións que se esixen na base quinta e presentaranse no Rexistro xeral do concello durante o prazo de vinte días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, de 9:00 a 13:00 horas. Tamén poderanse presentar na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Os dereitos de participación no proceso selectivo serán de 22_ (3.660 ptas.), que deberán ingresar na Conta que posee este Concello na Entidade Bancaria "CaixaNova" (nº de conta: 2080.0071.23.0040003007), xustificante de ingreso que deberase unir á instancia presentada.

SÉTIMA. PROBAS SELECTIVAS

A) FASE DE CONCURSO

Valoraranse e puntuaranse os seguintes méritos que deberán ser alegados e xustificados polos aspirantes xunto coa solicitude.

1) FORMACIÓN ACADÉMICA

Título de licenciado: 1 punto.

2) FORMACIÓN PROFESIONAL

Os cursos realizados en centros oficiais con aproveitamento xustificado e relacionados con:

a) Dirección e xestión de residencias da terceira idade:

- de máis de 10 horas: 0,10 puntos por curso.
- de máis de 25 horas: 0,20 puntos por curso.
- de máis de 50 horas: 0,50 puntos por curso.

b) Xeriatria:

- de máis de 10 horas: 0,10 puntos por curso.
- de máis de 25 horas: 0,20 puntos por curso.
- de máis de 50 horas: 0,50 puntos por curso.

c) Dirección de recursos humanos:

- de más de 10 horas: 0,10 puntos por curso.
- de más de 25 horas: 0,20 puntos por curso.
- de más de 50 horas: 0,50 puntos por curso.

d) Idioma galego:

- Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- Curso de perfeccionamiento: 0,50 puntos

Si se ten o curso de perfeccionamento, non se puntuá o curso de iniciación.

A puntuación máxima por este concepto (fase de oposición) será de 4 puntos.

3) EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valoraranse as tarefas realizadas como traballador por conta allea ou autónomo durante un período igual ou superior a un ano en posto de traballo de responsabilidade similar segundo as funcións propias do posto convocado. Cada ano de servicio qualificarse con 1 punto ata un máximo de 3.

B) FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición para optar ó posto convocado, comprenderá a realización dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO. OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 50 preguntas con respuestas alternativas (tipo test), relacionadas coas materias do programa anexo e durante un período de 40 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO. OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en desenvolver por escrito tres temas do programa anexo, extraídos un de cada parte, durante un período máximo de dúas horas.

O exercicio realizado deberá ser lido polos aspirantes ante o Tribunal en sesión pública. O Tribunal, a continuación, manterá unha entrevista co opositor formulándolle preguntas relacionadas cos temas desenvolvidos durante un período de 10 minutos.

TERCERO EXERCICIO. OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico relacionado coas materias da terceira parte do programa.

CUARTO EXERCICIO. OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO

Consistirá na traducción en galego dun texto proposto polo tribunal durante un período de 30 minutos.

OITAVA. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS

Os exercicios cualificaranse da forma seguinte:

Os tres primeiros exercicios, de carácter obligatorio, terán carácter eliminatorio. Cualificaranse cada un deles cun máximo de 10 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non consigan un mínimo de 5 puntos en cada un deles.

O cuarto exercicio, referido ó idioma galego, ainda sendo obligatorio para tódolos aspirantes non ten carácter eliminatorio, sendo a súa cualificación de 0 a 3 puntos, e sumarase a puntuación total obtida polo aspirante servindo só a efectos de puntuación final e determinación na proposta do Tribunal do número de orde en relación dos opositores aprobados.

Finalizado cada un dos exercicios obligatorios o Tribunal fará públicas no lugar da celebración das probas e no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes que aprobaron cada un deles, con indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos nesas relacións terán a consideración de non aptos.

NOVENA. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Actuará como órgano de selección a Comisión de Selección de persoal integrada polos seguintes membros.

- *Presidente:* O Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue.
- *Vocais:* un concelleiro nomeado polo alcalde, un representante da Xunta de Galicia, un técnico municipal nomeado polo alcalde, un experto na materia designado polo alcalde e un representante sindical con voz e voto.
- *Secretario:* O da corporación.

A Presidencia disporá a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto para que colaboren coa Comisión de Selección na determinación dos exercicios e a súa cualificación.

DÉCIMA. RELACIÓN DE APROBADOS

Terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal cualificador publicará e enviará a súa proposta á Alcaldía para dictar a resolución e a súa contratación posterior no prazo dun mes.

O aspirante proposto presentará na Secretaría do concello, dentro do prazo de 20 días naturais, desde a publicación da lista de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Presentada a documentación o alcalde do concello procederá a dictar a resolución contratando ó aspirante con arranxo ás presentes bases e lexislación que resulte de aplicación.

O contrato laboral formalizarase cun período de proba de dous meses no que o concello poderá desistir da contratación.

UNDÉCIMA. INCOMPATIBILIDADES

O exercicio das funcións do posto de traballo non poderá compatibilizarse co desempeño de cargos, profesións ou actividades públicas ou privadas, directas ou indirectas, remuneradas ou non. No momento de aportar a documentación para a súa contratación, os particulares presentarán un escrito comprometéndose a non desenvolver actividades públicas ou privadas remuneradas.

DUODÉCIMA: INCIDENCIAS

O Tribunal quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e incidencias e tomar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO TERCEIRA. IMPUGNACIÓN

Estas bases e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal na súa execución, son impugnables nos termos previstos na normativa vixente (artigos. 43.2 e 116.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999).

A N E X O S

I. PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.—A Constitución. Significado e clases. A Constitución Española. Estructura e contido esencial. Procedemento de reforma.

Tema 2.—O título preliminar da Constitución. Os principios constitucionais.: O Estado social e democrático de dereito. Os valores superiores na Constitución Española. Liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político. Unidade, dereito á autonomía e solidariedade territorial. Partidos políticos, sindicatos de traballadores, asociacións de empresarios e Forzas Armadas na Constitución.

Tema 3.—Características do estado autonómico. As formas de acceso á autonomía na Constitución Española. O proceso estatuínte: os estatutos de autonomía.

Tema 4.—Os conceptos de Administración Pública e dereito administrativo. O sometemento da Administración ó dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.

Tema 5.—A Administración institucional. Orixe tipoloxía e réxime xurídico.

Tema 6.—O Tribunal Constitucional. Composición, designación, organización e funcións. O sistema español de control da constitucionalidade das leis.

Tema 7.—As fontes do Dereito Administrativo. O Regulamento: Titularidade da potestade regulamentaria. O procedemento de elaboración dos regulamentos. Eficacia do regulamento. Control dos regulamentos ilegais e efectos da súa anulación.

Tema 8.—O administrado: Concepto e clases. A capacidade dos administrados e as súas causas modificativas. As situacións xurídicas do administrado; dereitos subxectivos e intereses lexítimos.

Tema 9.—O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.

Tema 10.—A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. A notificación.

Contido, prazo e práctica. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. A rectificación de errores materiais ou de feitos.

Tema 11.—Recursos administrativos: principios xerais. Clases de recursos. As reclamacións administrativas previas ó exercicio de accións civís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraxe.

Tema 12.—A xurisdicción contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. As partes: legitimación. O obxecto do recurso contencioso administrativo.

SEGUNDA PARTE

Tema 1.—O Réxime local: significado e evolución histórica. A Administración local na Constitución. A Carta europea da autonomía local. O principio de autonomía local: significado, contido e límites. Clases de entidades locais.

Tema 2.—A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento orgánico. Os bandos.

Tema 3.—O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos extranxeiros.

Tema 4.—A organización municipal. Órganos necesarios: o alcalde, tenentes de alcalde, o Pleno e a Comisión de Goberno. Órganos complementarios: comisións informativas e outros órganos. Os grupos políticos. A participación veciñal na xestión municipal. O concello aberto. Outros réximes especiais.

Tema 5.—As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servicios mínimos. A reserva de servicios.

Tema 6.—A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. As relacións entre as Comunidades Autónomas e as Deputacións Provinciais. Réximes especiais. As Illas: os Consellos e Cabidos Insulares.

Tema 7.—Outras entidades locais. Lexislación básica e lexislación autonómica. Entidades locais de ámbito inferior ó municipio. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas.

Tema 8.—Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local. Actas, certificacións, comunicacóns, notificacións e publicación dos acordos. O Rexistro de documentos.

Tema 9.—A función pública local. Clases de empregados públicos locais. Os funcionarios con habilitación de carácter nacional. Selección e provisión. Os funcionarios propios das Corporacións Locais. O persoal laboral ó servicio das entidades locais. O persoal eventual.

Tema 10.—A relación de servicios dos funcionarios públicos locais. Dereitos, deberes e situacións administrativas. Dereitos económicos e Seguridade Social. Negociación colectiva. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

Tema 11.—Os bens das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os ben comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.

Tema 12.—Os recursos das facendas locais. Imposición e ordenación de tributos e establecemento de recursos non tributarios.

Tema 13.—A xestión e liquidación de recursos. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión dictados en materia de facendas locais. A devolución de ingresos indebidos.

Tema 14.—O orzamento xeral das entidades locais. Estructura orzamentaria. Elaboración e aprobación.

TERCEIRA PARTE

Tema 1.—O envellecemento. Concepto, perspectiva evolutiva e consecuencias.

Tema 2.—O envellecemento poboacional. Epidemioloxía da incapacidade funcional dos anciáns.

Tema 3.—Bioloxía da vellez. (1) - Patoloxía da xente maior. Enfermidades do aparato respiratorio. Enfermidades cardíacas. Presión sanguínea. Enfermidades das arterias e tromboembolismos. Enfermidades do sistema gastrointestinal. Enfermidades do sistema nervioso central.

Tema 4.—Bioloxía da vellez (2) - Enfermidades do ril e sistema uroxenital. Enfermidades endócrinas. Enfermidades do aparato locomotor. Enfermidades da sangue e o sistema retículo-endotelial. Enfermidades da pel. Enfermidades dos órganos dos sentidos.

Tema 5.—Enfermidade de Párkinson. Aspectos epidemiolóxicos. Características clínicas. Abordaxe terapéutico. Aspectos psíquicos.

Tema 6.—Síndrome confusional agudo. Etioloxía. Diagnóstico diferencial. Valoración do enfermo con síndrome de confusión agudo. Tratamento da confusión.

Tema 7.—Psicoloxía da vellez (1) - Crise da vellez. Características do proceso de envellecemento. Concepto de saúde. Evolución dos cinco sentidos.

Tema 8.—Psicoloxía da vellez (2) - A relación cos pais na terceira idade. O concepto de familia para a xente maior. A morte. O suicidio.

Tema 9.—Psicoloxía da vellez (3) - El duelo. Saúde mental das persoas maiores. A depresión e a vellez. Trastornos asociados coa cognición.

Tema 10.—Xeriatria. Conceptos xerais. Erros conceptuais.

Tema 11.—Paciente xeriátrico: peculiaridades. Presentación atípica das enfermidades. Avaliación xeriátrica integral.

Tema 12.—Asistencia xeriátrica extrahospitalaria. Obxectivos da atención primaria cara o ancián. Programas de actividades preventivas. Screening de patoloxías más frecuentes no ancián. Programa de atención domiciliaria.

Tema 13.—Valoración xeriátrica ou funcional.

Tema 14.—Niveis asistenciais na atención ó ancián. Organización, coordinación e funcións.

Tema 15.—Hospital de día xeriátrico. Servicios que se prestan. Funcións específicas. Características dos pacientes. Organización.

Tema 16.—Residencias xeriátricas. Servicios residenciais. Residencia. Obxectivo da atención nas residencias. Clasificación das residencias. Personal das residencias. Barreiras arquitectónicas.

Tema 17.—Estructura organizativa e xestión dunha residencia. O equipo interdisciplinario. Estructura e organización dun centro xeriátrico. Funcionamento dun centro xeriátrico. Nocións do dereito laboral

Tema 18.—Barreiras arquitectónicas: accesibilidade do ancián no medio urbano

Tema 19.—Bioética. Ética e moral. Principios de ética xerontolóxico e xeriátrica. Carta de dereitos das persoas enfermas.

Tema 20.—Política social para a vellez e para a familia (1) - Dereito internacional. A constitución española. Principios xerais do dereito e dereitos fundamentais dos anciáns. O dereito civil e a vellez. Urbanismo e vivenda.

Tema 21.—Política social para a vellez e para a familia (2) - Dereito penal. Dereito ó traballo. Dereito á saúde. Dereito ós servicios sociais. Dereito á formación e ó ocio.

Tema 22.—Seguridade social e prestacións públicas (1) - Concepto de seguridade social. Evolución da seguridade social. O sistema español de seguridade social. A xubilación.

Tema 23.—Seguridade social e prestacións públicas (2) - Incapacidade temporal. Invalidez permanente. Viuvez e e orfandade. Prestacións económicas por desemprego. Pensións non contributivas da seguridade social.

Tema 24.—Modificación de conducta no ancián. Tipos de aprendizaxe. Avaliación conductual. Técnicas ou procedementos de intervención.

Tema 25.—Abuso e dependencia do alcohol e doutras sustancias psicoactivas en poboacións xeriátricas. Adicción. Tolerancia. Dependencia. Síndrome de abstinencia.

Tema 26.—Incapacidades físicas e o alcohol. Actuación psicoterapéutica.

Tema 27.—Alimentación na vellez. Orientacións dietéticas. Causas de anorexia no ancián.

Tema 28.—Conceptos xerais de rehabilitación en xeriatría. Hemiplexías. Fracturas de fémur. Osteoporose.

Tema 29.—Coidados de enfermería. Hospitalización. Protocolo de ingresos xeriátricos. Recepção do paciente ancián no hospital. Actividades de enfermería con pacientes anciáns hospitalizados: valoración física e funcional.

Tema 30.—Coidados podolóxicos en persoas maiores. Hixiene. Calzado. Talaxias.

Tema 31.—O auxiliar de enfermería na asistencia xeriátrica. Actuación cun paciente con incapacidade funcional.

Tema 32.—A xestión dos recursos humanos (1) - Tendencias globais en materia de crecemento do emprego e da forza de traballo. Aspectos conceptuais e formas de medición. Determinantes da oferta laboral e do crecemento da forza de traballo. Determinantes do emprego. Aspectos e consideracións de política para os países en desenvolvemento.

Tema 33.—A xestión dos recursos humanos (2) - Da administración de persoal á dirección de recursos humanos. A dirección e o director de recursos humanos: particularidades. Obxectivos da dirección de recursos humanos. Contratación: recrutamento e selección. Valoración do rendemento.

Tema 34.—A xestión dos recursos humanos (3) - O sistema de retribución. A política de formación. Organización do traballo e capacidade de adaptación da empresa.

Tema 35.—A xestión dos recursos humanos (4) - Tipoloxía de profesionais. Selección e contratación. Formación dun equipo de traballo. A motivación.

Tema 36.—Traballo social e vellez. Servicios socio-sanitarios para anciáns. Asistencia social xerontolóxico.

Tema 37.—Voluntariado social cos anciáns. Definición de voluntario. Perfil do voluntario con anciáns. Campos de actuación do voluntariado con anciáns.

Vila de Cruces, a 8 de xaneiro de 2002.—O Alcalde-Presidente, Jesús Otero Varela. 412

* * *

A ESTRADA

E D I C T O

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 29 de decembro de 2001, aprobou nun principio o Orzamento municipal para o ano 2002, e o Cadro de Persoal do Concello, que quedan expostos ó público na Intervención Municipal durante o prazo de quince días, para que os interesados poídan examinar os documentos e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co disposto nos artigos 150 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, e 126 do R. Decreto Lexislativo 781/1986, do 28 de abril.

A Estrada, a 29 de decembro de 2001.—O Alcalde, ilexible. 396

RECADACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Anuncio do 20 de decembro de 2001, do Tesoreiro do Concello de Pontevedra, polo que relaciónnanse procedementos sancionadores en materia de Tráfico, Circulación e Seguridade Vial pendentes de notificar e emprázanse ós interesados que se sinalan.

De conformidade co disposto no artigo 78.2 da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Vial aprobada polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de marzo, e no artigo 59.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, relaciónnanse procedementos sancionadores en materia de Tráfico, Circulación e Seguridade Vial incoados por denuncias formuladas polos axentes da autoridade pendentes de notificar, non sendo posible a notificación no acto ó conductor, feito do que obra constancia no expediente e despois de intentala notificación persoal por dúas veces no domicilio do titular do vehículo, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para ser notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación (Recadación de Multas do Concello de Pontevedra, rúa Palamios 7, Pontevedra) no prazo de 10 días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencimento do prazo sinalado para comparecer.

| DEBEDORES | D.N.I. | MATRICULA | Nº Exp. | DEBEDORES | D.N.I. | MATRICULA | Nº Exp. |
|----------------------------------|------------|------------|---------|---------------------------------|------------|------------|---------|
| A T P MONTAJES S.L. | B15514326 | C-2154-BY | 0107578 | JIMENEZ PEREZ GABRIEL JOSE | 35319834 | C-6035-BBS | 0106514 |
| ABAL ALVARIÑAS MARIA EUGENIA | 35314515Q | PO-9271-AD | 0105499 | JIMENEZ ROMERO JULIO | 33226625 | PO-4027-BC | 0105835 |
| ABAL ALVARIÑAS MARIA EUGENIA | 35314515Q | PO-9271-AD | 0104761 | JIMENEZ ROSILLO AURELIO | 11951887 | C-5144-X | 0111278 |
| ABAL CAMIÑA LUIS | 35485898 | 7142 BJK | 0111627 | JOSE LUIS Y RAFAEL VAZQUEZ FDE | E-36013696 | PO-6194-V | 0104000 |
| ABAL SILVA MANUEL | 35297439 | PO-9067-BF | 0104836 | JUAN HERMIDA ANDRES | | C-4481-BDM | 0105541 |
| ABAL VILLARDE, JUAN | 35940367 | PO-6256-AG | 0106133 | JUAN LUIS MARQUES PESTANA S.L. | B36692796 | PO-4106-BH | 0103427 |
| ABALO GONZALEZ Mª CARMEN | 35450071 | 8613 BCD | 0110415 | JUAN MORENO SEGURA S.A. | A28804748 | M-3219-UG | 0108406 |
| ABILLEIRA SOLLA JOSE EMILIANO | 35294261 | PO-6587-BH | 0106820 | JUAREZ ANGEL HECTOR | X1364095B | PO-5998-AJ | 0109916 |
| ABONJO BLANCO YOLANDA | 35295648D | PO-9435-BG | 0110998 | JUCAR VIGO INSTALACIONES . . . | B36863074 | PO-6704-BP | 0110922 |
| ABOUFARIS KHALID | X1633607D | 2755 BJF | 0105714 | JUEGA IGLESIAS JUAN JOSE | 00227270 | C-3101-BC | 0108982 |
| ABOUFARIS MUSTAPHA | X813561M | PO-1866-AH | 0111306 | JUEGUEN CAMIÑO M. JOSEFA | 35445536 | PO-8893-AU | 0110973 |
| ABRALDES CASAL MANUEL | 44079121 | PO-3219-BS | 0104850 | JUNCAL PIÑON J. LUIS | 35201632 | C-8143-AX | 0111281 |
| ABREU RODRIGUEZ JOSE | 35891109 | PO-0950-AF | 0111105 | JUNCAL RUA CANDIDO | 32494937 | C-8829-CB | 0109717 |
| ABREU RODRIGUEZ MARIA PAZ | 35305897T | PO-8398-BB | 0103761 | JUNCAL SANTOS FRANCISCO | 53111847 | PO-3687-AK | 0108463 |
| ABRUÑEDO FERNANDEZ, ARTURO | 35997319 | PO-1996-AW | 0111410 | JUNCAL SANTOS FRANCISCO | 53111847 | PO-3687-AK | 0108575 |
| ACOSTA PAGADOR DIEGO | 21637633 | OR-3922-U | 0111571 | JUNCAL SANTOS FRANCISCO | 53111847 | PO-3687-AK | 0111075 |
| ACUBER INGENIEROS S.L. | B-36255701 | PO-6169-BF | 0111237 | JUNCAL SILVA JESUS | 76855388 | PO-1332-BD | 0111172 |
| ACUÑA BARREIRO JOSE MANUEL | 44082290F | GC-4310-I | 0103828 | JUSTO CASALDERREY JOSE CARLOS | 35302289 | PO-3475-BN | 0105801 |
| ACUÑA CARRERA GUSTAVO ENRIQUE | 52494195 | PO-2602-BS | 0105735 | JUSTO CLARO JOSE LUIS | 36155765 | 8673 BDB | 0109560 |
| ACUÑA FRAGUAS RUBEN | 44085882 | M-3288-TJ | 0104158 | KHALAFI ABDERRAHIM | X-0655908 | V-7983-AZ | 0111189 |
| ACUÑA FRAGUAS RUBEN | 44085882 | M-3288-TJ | 0110842 | LABURU LEICHUNDI GREGORIO | 15895467 | 3335 BFL | 0105554 |
| ACUÑA FRAGUAS RUBEN | 44085882 | M-3288-TJ | 0104157 | LAFUENTE IGLESIAS JUAN CARLOS | 35301859 | PO-1714-BN | 0110052 |
| ACUÑA MALLO ELIA | 52496938 | PO-6054-BB | 0106822 | LAFUENTE MARQUEZ MERCEDES | 35312035 | PO-1950-BF | 0107661 |
| ACUÑA PEON ANGEL | 77404870 | C-7191-BFT | 0111027 | LAGARON SANJURO CONSTANTINO | 33839477 | PO-0402-BM | 0111221 |
| ACUÑA RAMIREZ PATRICIA | 44080579K | M-5653-MH | 0104587 | LAGE GONZALEZ MANUEL | 35125674M | PO-6985-AV | 0111355 |
| ACUÑA URRABIETA JULIO | 35231970 | PO-8017-AH | 0109007 | LAGE PALEO RAMON | 44075226 | C-8012-AL | 0105307 |
| ACUÑA URRABIETA, PILAR MAGDALENA | 35254665 | PO-6724-AX | 0105768 | LAGE PALEO RAMON JESUS | 44075226G | C-8012-AL | 0105504 |
| ADAN MEIJON PALMIRO JUAN | 76804813 | PO-1093-BP | 0105176 | LAGE RAMOS SEBASTIAN JAVIER | 52493625 | PO-4497-AV | 0104351 |
| ADAN RODRIGUEZ JUAN | 35255131 | AL-8081-Y | 0108242 | LAGE ZAPATERO ANTONIO MANUEL | 35318916 | PO-2418-AN | 0108688 |
| ADRIÓ RAMOS, EMILIO ENRIQUE. | 35249657 | PO-6505-AL | 0103625 | LAGE ZAPATERO ANTONIO MANUEL | 35318916 | PO-2418-AN | 0109376 |
| AGRASAR Y TABOADA LIMPIEZAS Y M. | B-36259612 | PO-6863-BB | 0111620 | LAGES ABUIN DAVID | 35466214 | PO-5239-BL | 0104412 |
| AGUILAR MUÑOS, MARIA BERTA | 35251077 | PO-6518-BF | 0109724 | LAGO BORNSTEIN, IGNACIO | 682327 | PO-4505-BB | 0105487 |
| AGUIN BESADA Mª PILAR | 76813898 | PO-0400-BT | 0110764 | LAGO CALVO ROBERTO JAVIER | 36062321 | PO-1355-BD | 0106479 |
| AGULLA BUDIÑO MARIA GUILLERMINA | 35237986P | PO-3717-BM | 0106316 | LAGO MACIAS, RAFAEL ALFONSO | 35276782 | PO-6774-AZ | 0110525 |
| AISLAPON S.L. | B36709640 | PO-9471-AH | 0110617 | LAGO RODRIGUEZ FRANCISCO JAVIER | 32786201 | C-1609-CD | 0111461 |
| ALAIZ PUENTE EUSEBIO | 09717479 | LE-6509-AC | 0109025 | LAMAS ALVAREZ GERMAN | 35217890Z | PO-0801-W | 0106132 |
| ALARCON ACUÑA ENMANUEL FRANCIS | 77403076 | TF-8625-W | 0111150 | LAMAS GARRIDO JOSE CARLOS | B15015985 | C-2720-CJ | 0105110 |

| DEBEDORES | D.N.I. | MATRICULA | Nº Exp. | DEBEDORES | D.N.I. | MATRICULA | Nº Exp. |
|----------------------------------|-----------|------------|---------|--------------------------------|------------|------------|---------|
| ALDEREGUIA COUCEIRO, MANUEL | 35262264 | PO-7540-AV | 0105903 | LAMAS TABOAS JOSE MANUEL | 76708146H | PO-3352-AY | 0105585 |
| ALEN VAZQUEZ JUAN | 35255358 | PO-4180-BN | 0106196 | LAMEIRO ANTON, RICARDO | 35245212 | M-0204-KB | 0104918 |
| ALEN VAZQUEZ JUAN | 35255358 | PO-4180-BN | 0108944 | LAMEIRO BABARRO UNAI | 35470644 | PO-8136-BC | 0109654 |
| ALFESI S.L. | B36803500 | 9343 BGH | 0108677 | LAMEIRO DURAN ROBERTO | 44076285 | LU-6483-I | 0104533 |
| ALFONSIN JUNCAL, FERNANDO | 35288474 | PO-4140-BG | 0107480 | LAMEIRO DURAN ROBERTO | 44076285 | LU-6483-I | 0104164 |
| ALFONSO CACHAZA ALFREDO VICENTE | 32632348 | 1913 BJZ | 0109190 | LAMELAS GESTEIRA, FELICITAS | 35223538 | PO-4979-AH | 0106200 |
| ALLARIZ SUAREZ DIGNA Mª | 52491822 | PO-6452-AP | 0105130 | LAMOSO ALBERTE MANUEL | 35291629 | 8466 BDS | 0104337 |
| ALMAZAN VELA ALBERTO | 26038016 | J-5918-AB | 0110404 | LANDESA LOSADA ISABEL | 36035033 | PO-8862-BH | 0103862 |
| ALMEIDA TORRADO JOSE | 35367861 | PO-7813-AN | 0110933 | LANDESA SANTORO REBECA | 53171003 | PO-8417-BP | 0104866 |
| ALMOSTASIN S.A. | A28351138 | M-8921-SJ | 0109244 | LANDIN COCHON ELISARDO | 35206600 | PO-2141-BD | 0111394 |
| ALONSO DASILVA ANGEL FRANCISCO | 35445365 | PO-2628-BB | 0111103 | LANDIN COCHON ELISARDO | 35206600 | PO-2141-BD | 0104384 |
| ALONSO FERNANDEZ - LANDA, MIGUEL | 31224601 | PO-0564-U | 0104999 | LANDIN GARCIA PILAR PIA | 76827544T | PO-9387-BM | 0109977 |
| ALONSO FERNANDEZ JUAN | 35993574 | PO-7078-AM | 0110026 | LANDIN VIGO SA | A36633923 | PO-6935-AH | 0110317 |
| ALONSO FERNANDEZ Mª LUZ | 33793265 | B-9512-HZ | 0108488 | LARA ORTIZ DE LA TORRE Mª MAR | 03413820 | PO-2331-BT | 0104225 |
| ALONSO GARCIA Mª ANGELES | 35287556 | PO-2304-AG | 0110686 | LAREO MARTIN Mª CARMEN | 35281599 | PO-0565-AN | 0104657 |
| ALONSO GIL MONSERRAT | 36114266 | M-3297-TT | 0108995 | LAREO MARTIN Mª CARMEN | 35281599 | PO-0565-AN | 0104686 |
| ALONSO LOPEZ Mª PILAR | 32760935 | C-1992-AJ | 0111096 | LARRIBA NIETO AMADOR | 35129987V | PO-8397-AB | 0108785 |
| ALONSO LORENZO, MARIA ARGENTINA | 35254139 | PO-2942-AW | 0110815 | LARRINAGA SUAREZ LUIS ESTEBAN | 16039803 | C-0554-BZ | 0105545 |
| ALONSO MAQUIERA JOAQUIN | 44075246 | PO-5633-BB | 0105886 | LASO LASO SANTIAGO | 07845720 | SA-2660-P | 0104186 |
| ALONSO MOLDES ALEJANDRO | 76828934 | C-0252-BJD | 0110844 | LATA RILO CARLOS | 76282619 | C-2078-BP | 0109834 |
| ALONSO MOLDES ALEJANDRO | 76828934 | C-0252-BJD | 0107490 | LATAS VAZQUEZ ROMAN | 34175536C | PO-9410-BG | 0100457 |
| ALONSO MOLDES ALEJANDRO | 76828934 | C-0252-BJD | 0110263 | LATORRE MORAGA, RAFAEL | 35231962 | PO-6789-AY | 0110283 |
| ALONSO MOLDES ALEJANDRO | 76828934 | C-0252-BJD | 0111351 | LEAL BALINAS JOSEFA | 35440030 | PO-0500-BB | 0109727 |
| ALONSO OITAVEN JUAN | 36062040H | PO-8889-AY | 0109965 | LEASE PLAN ESPAÑA S.A. | A78007481 | M-2427-LY | 0111139 |
| ALONSO SALVADOR JOAQUIN MARIA | 07489816 | PO-9666-AT | 0109066 | LEASE PLAN SERVICIOS S.A. | A78007473 | 3144 BMP | 0109518 |
| ALONSO VAZQUEZ FRANCISCO J | 35323682 | C-5727-BBS | 0110845 | LEASE PLAN SERVICIOS S.A. | A78007473 | 1342 BCG | 0111296 |
| ALONSO VIDAL JOSEFA | 35245829 | PO-6500-U | 0110996 | LECLERE RODRIGUEZ LUIS EDUARDO | 35315680 | OU-8245-M | 0110397 |
| ALSINA RUIBAL, SOFIA | 35300175 | PO-8388-BB | 0105244 | LEIRA NEIRA MILLAN | 32653976 | SS-5629-V | 0110195 |
| ALTARRIBA RODRIGUEZ MIRIAM | 35313399G | PO-1913-AK | 0105491 | LEIRO FERNANDEZ ANGEL | 35450795 | LU-0521-U | 0111104 |
| ALUMINIOS SALNES S.L. | B36244283 | PO-5533-BS | 0104363 | LEIRO GONZALEZ ANA ISABEL | 35306961 | PO-8304-AV | 0106484 |
| ALUVEDRA SLL | B36307429 | 9260 BGH | 0106047 | LEIRO LOPEZ JESUS | 35210783 | PO-2675-BM | 0104253 |
| ALVARELLOS RODRIGUEZ Mª MAR | 44805046 | C-9614-BP | 0105745 | LEIRO OUBIÑA FERNANDO | 76816818 | PO-2342-BP | 0109473 |
